En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24463**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"a contribución á renaturalización e á mellora do seu uso pola cidadanía que suporía a ampliación do proxecto de dragaxe do río Lérez e o coñecemento que o Goberno galego ten disto"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta lamenta o bloqueo do Goberno central á tramitación da dragaxe do río Lérez dado que se continúa á espera da autorización dos puntos de depósito dos áridos por parte do Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (Miteco). Nesta liña, o Goberno galego denuncia que esta situación é extensible a 16 obras de dragaxe no litoral sur da comunidade e de xeito sinalado á dragaxe do río Lérez pola decisión trasladada en abril de 2021 de non autorizar máis vertidos no punto E8, no exterior de Sálvora, que supuxo a paralizando a tramitación de todas as dragaxes do sur de Galicia.

O pasado mes de abril Portos de Galicia remitiu ao Miteco o informe técnico definitivo do CEDEX, organismo técnico de recoñecido prestixio dependente do Goberno central, en relación á proposta de puntos de depósito dos áridos procedentes das dragaxes das Rías Baixas, nomeadamente a do Lérez, en Pontevedra. Así, mantén nas súas conclusións o punto E8, situado nas inmediacións da illa de Sálvora, como "alternativa prioritaria". Tamén introducía como novidade nas dragaxes da ría de Pontevedra que poderá "verterse indistintamente na zona D ou na E8" e engade que "sería adecuado propoñer un enfoque individual en cada proxecto".

Un documento que está sustentado no traballo de campo realizado pola comisión integrada por Portos de Galicia, as Autoridades Portuarias do Estado en Galicia e o propio CEDEX ao longo dos últimos catro anos para elaborar o estudo de alternativas solicitado polo MITECO no momento da clausura do punto E8 en 2021. Desde a Administración autonómica recordan que o pasado 24 de xullo celebrouse unha reunión na que participaron representantes do Miteco, Portos do Estado e Portos de Galicia, na que Centro de Estudos de Portos e Costas, dependente do Cedex, presentou o estudo de alternativas realizado sen que se traducira en avances concretos no proceso de autorización, competencia exclusiva do Ministerio.

Neste contexto, a Xunta critica a "inexplicable" desidia do Estado que impide iniciar a tramitación ambiental e posterior licitación das obras de dragaxe do Lérez, que contan cun orzamento de 3 millóns de euros, así como dos 16 paralizados ao sur da ría de Muros. O Goberno galego resalta o prexuízo causado aos intereses do sector portuario da ría de Pontevedra cunha espera de máis de catro anos para que o Ministerio estableza alternativas onde depositar o áridos das dragaxes previstas".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 9:43:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:43:43
Nº Rexistro: 32004
Data envío: 22/08/2025 09:43:43,241

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24670**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, sobre "**o estado das infraestruturas e instalacións dos edificios do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a súa idoneidade e seguridade**", teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Sanidade en resposta á pregunta oral con número de rexistro 22618, formulada no Pleno do Parlamento de Galicia celebrado o día 9 de abril de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/LKxwcXShfSpRYozypHmE4McFukdw7rDZyB59tIHRezEvidvq>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:11:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31420
Data envío: 18/08/2025 19:11:39.605

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24674**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Castro García, sobre **"a idoneidade das convocatorias de subvencións que promove o Igape e o grao de eficacia na súa xestión"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia é plenamente consciente dos retos asociados á xestión dun volume crecente de convocatorias, especialmente nun momento no que, por primeira vez, se puxo en marcha un paquete anticipado de axudas cunha mobilización superior aos 186 millóns de euros.

A concentración en xaneiro de 15 liñas de axuda, ás que se engadiron outras catro durante o primeiro trimestre, responde a unha nova estratexia de planificación que busca facilitar ás empresas unha visión conxunta, anticipada e accesible dos recursos dispoñibles. Esta transformación estrutural do modelo tradicional supuxo un esforzo técnico e organizativo sen precedentes, no que se identificaron tamén aspectos mellorables.

Neste sentido, é certo que se produciron incidencias técnicas no acceso á sede electrónica durante a primeira xornada de apertura das convocatorias. Estas incidencias foron recoñecidas publicamente, comunicadas a través das canles oficiais e motivaron a anulación do proceso e a súa reprogramación, para garantir a igualdade de acceso e a seguridade xurídica.

Cómpre salientar que esta decisión —lonxe de supoñer unha falla de transparencia— constitúe unha mostra de responsabilidade institucional e de protección dos dereitos das empresas solicitantes.

En paralelo, o Igape está a reforzar os mecanismos de trazabilidade e xustificación técnica das convocatorias -en liña coas exigencias da normativa europea-, co obxectivo de garantir o máximo rigor, especialmente no contexto de xestión de fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

No marco desta aposta por mellorar a eficacia administrativa, a Xunta está a avanzar na interoperabilidade das plataformas, no reforzo da atención ás empresas e no desenvolvemento dun novo sistema de xestión integral das axudas que será implantado de maneira progresiva".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:21:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31556
Data envío: 19/08/2025 16:21:52.421

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25170**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres, dona Montserrat Prado Cores e dona Iria Carreira Pazos, sobre **"a continuidade do Hospital Provincial de Pontevedra, a conveniencia de mellorar as súas infraestruturas e as previsións orzamentarias, o calendario e o plan de usos para o novo Hospital de Montecelo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Sanidade en resposta á pregunta oral con número de rexistro 13119, formulada no Pleno do Parlamento de Galicia celebrada o día 6 de novembro de 2024. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/smuopX3lcGjli7viEEJOGWsxR6N53ushbo60L7jklyhzMrtw>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:04:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31398
Data envío: 18/08/2025 19:04:25.894

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25214**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a estratexia que desenvolve a Xunta de Galicia en materia de atención integral á saúde sexual e reprodutiva das mulleres e as previsións que ten nesta materia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A saúde das mulleres non é algo independente e illado, senón que é algo transversal a diversas especialidades médicas. É por iso que, lonxe de crear unha unidade de muller, o máis convinte é manter as especialidades convencionais dotándoas de guías, protocolos, plans e medidas que beneficien a saúde das mulleres con atención ás características da súa saúde.

As medidas que está levando adiante a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde para unha atención integral á saúde das mulleres galegas resúmense en:

- 1- Impulso de políticas sanitarias, con perspectiva de xénero e de maneira transversal, así como daquelas que aborden problemas específicos de saúde das mulleres ao longo do seu ciclo vital, dende o nacemento ata a adultez.
- 2- Desenvolvemento de accións de promoción da saúde e prevención da enfermidade.
- 3- Diagnóstico e tratamento precoz da enfermidade.
- 4- Recuperación e rehabilitación da saúde.
- 5- Coordinación entre atención primaria e hospitalaria, facilitando a continuidade asistencial mediante a elaboración de documentos que unifiquen os criterios de actuación e melloren os circuítos de derivación entre os distintos dispositivos sanitarios.
- 6- Formación e sensibilización do persoal sanitario que presta atención ás mulleres.
- 7- Información á poboación en xeral e ás mulleres, para fomentar hábitos de vida saudable, promover a súa saúde e informar das prestacións sanitarias dispoñibles".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 18:58:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31390
Data envío: 18/08/2025 18:58:49.828

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25498**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"o grao de execución do Plan director do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e as previsións orzamentarias da Xunta de Galicia relativas á construción dun novo edificio para o Hospital Materno-Infantil"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo xerente do Servizo Galego de Saúde en resposta á pregunta oral con número de rexistro 25496, formulada no marco da Comisión 3ª do Parlamento de Galicia celebrada o día 12 de xuño de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/WFDJG9GbVyljeMLT7kINUA1OFZsOQskdvKzFhpj9aSZMwr0F>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 18:57:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31383
Data envío: 18/08/2025 18:57:43,828

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25679**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Carmela González Iglesias, sobre **"a ampliación do porto deportivo de Baiona e o impacto da crecente actividade turística na vila"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 10 de xuño de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 25678, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NThkNDVkJktZTlxNy00MmMzLTNmN2QtMGRlNmVkYzRhNzcy&start=16989.867>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a ampliación do porto deportivo de Baiona".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 13:56:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 13:56:23
Nº Rexistro: 31898
Data envío: 21/08/2025 13:56:23.449

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25954**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana, don Julio Ernesto Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"o criterio e as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto das obras de ampliación do porto deportivo de Baiona e a pertinencia dun novo estudo de impacto ambiental"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 10 de xuño de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 25678.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=NThkNDVkJktZTlxNy00MmMzLTNmN2QtMGRlNmVkYzRhNzcy&start=16989.867](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NThkNDVkJktZTlxNy00MmMzLTNmN2QtMGRlNmVkYzRhNzcy&start=16989.867)

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a ampliación do porto deportivo de Baiona".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 9:43:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:43:32
Nº Rexistro: 32002
Data envío: 22/08/2025 09:43:32.055

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26103**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, sobre **"as previsións do Goberno galego no que concirne á planificación e á actualización da lexislación respecto da minaría en Galicia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A maior parte das comunidades autónomas non teñen norma propia de minas. De feito, Baleares e Galicia son as únicas que si teñen, polo que non ten sentido unha maior lexislación a través dun desenvolvemento regulamentario cando a realidade é que a normativa de minas é tremendamente extensa.

Por outra parte, os concursos de dereitos xa se están a vincular ao desenvolvemento tecnolóxico e industrial e ao peche de ciclos na Comunidade Autónoma. Así, nos concursos publicados a principios de ano nas catro provincias establecéronse como criterios de baremación a racionalización e ordenación mineira (para supostos de continuidade do recurso) e o compromiso de implantación dun plan industrial para o peche da cadea de valor sobre o recurso ou recursos que se poñan de manifesto, con carácter vinculante á solicitude de pase a concesión de explotación.

De igual forma, cómpre sinalar que existe o imposto compensatorio ambiental mineiro, imposto directo, real e obxectivo, establecido pola Lei 12/2014, do 22 de decembro, que ten como feito impositivo a alteración da superficie ou só como consecuencia da extracción a partir das concesións de explotación de minerais metálicos e metais preciosos, así como o depósito ou almacenamento en entulleiras públicas ou privadas, situados na Comunidade Autónoma de Galicia, de residuos mineiros procedentes da extracción anterior. Os seus ingresos destinaranse a actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial, paisaxísticas e de desenvolvemento tecnolóxico mineiro.

Por outra banda, recuperouse a figura do Consello da Minería de Galicia, que ten como funcións as previstas na Lei de ordenación da minería de Galicia.

Na modificación de 2024, os criterios para determinar a composición e, por exemplo, incluír determinados centros directivos da Administración autonómica ou asociacións foron a súa relación directa coa minaría (augas minerais, sector dos balnearios, materiais cerámicos, etc.) e pola súa vinculación co eido económico e industrial (sindicatos, asociacións empresariais, etc.). É dicir, tívose en conta as competencias das mesmas en relación coas funcións a desempeñar no Consello.

De feito, cómpre lembrar que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego non presentou ningunha emenda no sentido que reclaman as entidades ecoloxistas á Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:31:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31362
Data envío: 18/08/2025 15:31:15.693

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26107**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana, dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"a información que prevé facer pública a Xunta de Galicia en relación coa ampliación do porto deportivo de Baiona e a prorroga da súa concesión á empresa Nauplia Capital"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo do Pleno do Parlamento de Galicia, celebrado o 10 de xuño de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 25678.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=NThkNDVkJktZTlxNy00MmMzLTNmN2QtMGRlNmVhYzRhNzcy&start=16989.867](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NThkNDVkJktZTlxNy00MmMzLTNmN2QtMGRlNmVhYzRhNzcy&start=16989.867)

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre a ampliación do porto deportivo de Baiona".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 9:43:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:43:20
Nº Rexistro: 32000
Data envío: 22/08/2025 09:43:20.949

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26370**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona Lara Méndez López, sobre **"a regulación dos procesos de repotenciación dos parques eólicos e a inclusión de criterios de reciclaxe, reutilización e xestión ambientalmente responsable dos aeroxeradores substituídos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"No proceso de descarbonización e transición enerxética, o abandono dos combustibles fósiles e a aposta polas enerxías renovables resulta fundamental.

No eido da xeración de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables, Galicia é unha potencia grazas á enerxía eólica e á enerxía hidroeléctrica.

Non obstante, o feito de ser un territorio pioneiro na instalación de parques eólicos motivou un importante desenvolvemento do sector nun primeiro momento, pero que tamén supón:

- Que as zonas con mellor recurso eólico xa están ocupadas.
 - Que estas zonas teñen parques antigos que non resultan os máis eficientes a día de hoxe.
 - E que moitos parques estean próximos ao fin da súa vida útil.
- Así, a modo resumo, estableceuse, a través dunha modificación legislativa na lei de medidas, a obriga de repotenciar os parques dunha determinada antigüidade co fin de:
- Aumentar a seguridade industrial das instalacións.
 - Conseguir unha maior produción de enerxía coa mesma potencia instalada grazas ás novas tecnoloxías.
 - Reducir significativamente o número de aeroxeradores no territorio.
 - E todo iso, no novo marco enerxético definido pola lei de recursos naturais.

Grazas a esta medida, garántese a viabilidade técnica ou económica da actuación xa que, excepcionalmente, de ser necesario, o promotor pode solicitar de forma xustificada uns prazos superiores de inicio ou de execución das obras, xustificación que sería analizada pola Administración para a súa eventual validación.

Pero é que ademais, con carácter xeral, a obriga suporá a diminución do número de aeroxeradores por ter unha maior potencia. Non obstante, haberá casos nos que esa redución non se poida facer xa que suporía unha maior afección ambiental por incrementar os viarios de acceso ou outros motivos.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Deste xeito, a repotenciación:

- Reducirá o impacto no territorio e no medio ambiente dos parques eólicos.
- Procurarase unha redución á cuarta parte dos aeroxeradores existentes, salvo que as condicións e valores ambientais do emprazamento desaconsellen a instalación de aeroxeradores do tamaño que permita alcanzar a devandita porcentaxe.
- Terá que axustarse ao disposto na Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.
- Aumentará a produción entre e 20 e un 40% con respecto á produción actual. Se os investimentos anteriores xa foron rendibles, estas o serán aínda máis.

Ademais, non se pode obviar que a repotenciación impulsará toda a cadea de valor, e aí a Xunta de Galicia tamén colaborará para fomentar unha industria derivada da reciclaxe das pas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:16:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31350
Data envío: 18/08/2025 15:16:16.168

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26553**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"a sentenza do Tribunal Supremo do 8 de maio de 2025 relativa ao dereito á participación política e o nivel de resposta da Xunta de Galicia ás demandas de información do Parlamento de Galicia realizadas pola vía do artigo 9 do Regulamento"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego non é parte no procedemento xudicial que deu lugar á sentenza de protección xurisdiccional de dereitos fundamentais ao que se fai referencia na pregunta. Polo tanto, as consideracións sobre este pronunciamento en relación co dereito fundamental á participación política atinxen ao Goberno que incorre nas prácticas que son obxecto do reproche na sentenza.

O desempeño do Goberno galego é substancialmente distinto. A pasada lexislatura pechouse coa contestación de 1.235 solicitudes de datos, o 86,6% das formuladas polos grupos parlamentarios. No primeiro ano e medio que levamos da actual lexislatura xa se atenderon 660 solicitudes, cunha taxa de resposta que acada xa o 81%. Son datos obxectivos que desbotan calquera tipo de equiparación que se pretenda co desempeño do Goberno central en materia de transparencia que a mencionada sentenza vén de cuestionar".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:16:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:16:09
Nº Rexistro: 31758
Data envío: 20/08/2025 12:16:09.258

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26732**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, sobre **"o estado en que está a liña de alta tensión que une as subestacións de Sarria e Monforte de Lemos e as medidas que tomou ou prevé tomar a Xunta de Galicia para evitar incidencias por defectos de mantemento"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"En relación co coñecemento previo do estado da instalación á que fai referencia a pregunta, a Consellería de Economía e Industria, incluído o seu Departamento Territorial en Lugo, non tiña constancia de posibles deficiencias no seu mantemento nin que, como consecuencia delas, se tivera producido incidente algún, particularmente os citados na pregunta.

Consecuentemente, cómpre sinalar que non consta a existencia de feitos nin reclamacións ao respecto desta liña.

En calquera caso, e unha vez postos de manifesto, de cara a definir posteriores actuacións, xa se solicitou á operadora da rede de distribución a achega da información rexistrada sobre calquera suceso ocorrido na liña.

Neste sentido, e dado que a liña discorre nalgunha zona na que existen especies arbóreas de rápido crecemento, a operadora indica que realizará algunha actuación adicional ás do Plan 2025, para comprobar se é preciso realizar tarefas adicionais de tala e poda, para evitar que o contacto puntual das ramas coa liña poida afectar á continuidade da subministración, aínda que na última verificación periódica regulamentaria da liña non se detectou ningunha situación que fose preciso corrixir de xeito urxente.

Cómpre recordar que, sen prexuízo das actuacións de oficio que está a acometer a Xunta de Galicia, a Consellería de Economía e Industria ten habilitado o procedemento IN635A Reclamacións administrativas en materia de enerxía eléctrica, onde os administrados poden denunciar calquera situación irregular".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 15:15:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31344
Data envío: 18/08/2025 15:15:38,807

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 26945**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres, sobre **"as medidas e os prazos previstos polo Goberno galego no que atinxe á dragaxe do río Lérez"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta lamenta o bloqueo do Goberno central á tramitación da dragaxe do río Lérez dado que se continúa á espera da autorización dos puntos de depósito dos áridos por parte do Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (Miteco). Nesta liña, o Goberno galego denuncia que esta situación é extensible a 16 obras de dragaxe no litoral sur da comunidade e de xeito sinalado á dragaxe do río Lérez pola decisión trasladada en abril de 2021 de non autorizar máis vertidos no punto E8, no exterior de Sálvora, que supuxo a paralizando a tramitación de todas as dragaxes do sur de Galicia.

O pasado mes de abril Portos de Galicia remitiu ao Miteco o informe técnico definitivo do CEDEX, organismo técnico de recoñecido prestixio dependente do Goberno central, en relación á proposta de puntos de depósito dos áridos procedentes das dragaxes das Rías Baixas, nomeadamente a do Lérez, en Pontevedra. Así, mantén nas súas conclusións o punto E8, situado nas inmediacións da illa de Sálvora, como "alternativa prioritaria". Tamén introducía como novidade nas dragaxes da ría de Pontevedra que poderá "verterse indistintamente na zona D ou na E8" e engade que "sería adecuado propoñer un enfoque individual en cada proxecto".

Un documento que está sustentado no traballo de campo realizado pola comisión integrada por Portos de Galicia, as Autoridades Portuarias do Estado en Galicia e o propio CEDEX ao longo dos últimos catro anos para elaborar o estudo de alternativas solicitado polo MITECO no momento da clausura do punto E8 en 2021. Desde a Administración autonómica recordan que o pasado 24 de xullo celebrouse unha reunión na que participaron representantes do Miteco, Portos do Estado e Portos de Galicia, na que Centro de Estudos de Portos e Costas, dependente do Cedex, presentou o estudo de alternativas realizado sen que se traducira en avances concretos no proceso de autorización, competencia exclusiva do Ministerio.

Neste contexto, a Xunta critica a "inexplicable" desidia do Estado que impide iniciar a tramitación ambiental e posterior licitación das obras de dragaxe do Lérez, que contan cun orzamento de 3 millóns de euros, así como dos 16 paralizados ao sur da ría de Muros. O Goberno galego resalta o prexuízo causado aos intereses do sector portuario da ría de Pontevedra cunha espera de máis de catro anos para que o Ministerio estableza alternativas onde depositar o áridos das dragaxes previstas".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 13:55:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 13:55:59
Nº Rexistro: 31894
Data envío: 21/08/2025 13:55:59.327

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 27255**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, don Julio Ernesto Abalde Alonso e don Carlos López Font, sobre **"o criterio da Xunta de Galicia no referido ao impulso dunha campaña de sensibilización turística nos areais do Salnés en contra do marisqueo ilegal e para a protección do seu patrimonio natural e económico"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 1 de xullo de 2025, no debate da iniciativa con número de rexistro, 27254, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ODZiZjU2MGQtMzY1Ny00ZTA1LWI1MzgtOTkyY2Q1NzljNTE1&start=7533](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ODZiZjU2MGQtMzY1Ny00ZTA1LWI1MzgtOTkyY2Q1NzljNTE1&start=7533)

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre o criterio da Xunta de Galicia no referido ao impulso dunha campaña de sensibilización turística nos areais do Salnés en contra do marisqueo ilegal e para a protección do seu patrimonio natural e económico".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/08/2025 9:43:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:43:02
Nº Rexistro: 31998
Data envío: 22/08/2025 09:43:02.854

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta escrita, **número 27789**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García, sobre **"o grao de disposición que amosa a Xunta de Galicia a asumir a xestión directa da Unidade de Atención Temperá da Mariña"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A unidade de atención temperá da Mariña, situada en Burela, presta servizo aos concellos de Burela, Viveiro, Xove, Cervo, O Vicedo, Foz, Ribadeo e O Valadouro e recibe un investimento anual da Xunta de 122.000€.

Está financiada pola Xunta desde 2016 a través da primeira orde de axudas destinadas a concellos cofinanciada con FSE (inicialmente era a agrupación de Concellos de Burela, Alfoz e Lourenzá).

O servizo de atención temperá de Burela é de titularidade municipal financiado pola Xunta na súa totalidade, polo que a súa organización e funcionamento é competencia da actual corporación municipal.

Así foi desde os seus inicios hai máis de 20 anos, nos que a unidade funcionou con total normalidade e sen incidencias.

E así é coas 47 unidades de atención temperá municipais que existen en Galicia grazas á orde de axudas que saca a Xunta para financiarlas ao 100%.

Pero polas características desta unidade (dá servizo a unha poboación que supera os 40.000 habitantes) estes concellos terían dereito a unha axuda de máis de 220.000€ ao ano, para financiar 5 ou 6 profesionais cun límite de 3.440 horas por profesional. A realidade é que tan só solicitaron tres profesionais e 3.000 horas por cada un.

No que respecta ao servizo de logopedia, unha vez finalizado o contrato laboral da profesional, como a normativa laboral impide repetir este tipo de contratación, a opción dispoñible que teñen estes concellos é contratar externamente este servizo de forma provisional. Unha alternativa á que aos servizos sociais de Burela lles pareceu ben.

A atención temperá é un servizo que require da implicación de todos, especialmente das administracións. A Xunta cumpre con este compromiso destinando cada ano máis esforzos económicos a manter e incrementar as unidades de atención temperá. Na actualidade destinamos máis de 8M€ a financiar ao 100% as 51 unidades de atención temperá de ámbito social e municipal."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 16:15:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31534
Data envío: 19/08/2025 16:15:33.512

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 15975** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **"o cumprimento por parte do Goberno galego das súas obrigas en materia de inclusión e dereitos das persoas con discapacidade"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

" Detállanse os avances acadados en Galicia en materia de dereitos para as persoas con discapacidade na última década e as previsións futuras:

Reforzo da rede galega de atención temperá: En 2009 tan só había dúas unidades que daban servizo a 14 concellos e 160 familias. Hoxe contamos cunha rede de 51 unidades que prestan servizo a 200 concellos e preto de 6.000 familias

Posta en marcha do concerto social: Achegamos seguridade e estabilidade ao tecido asociativo coa posta en marcha do concerto social, un novo modelo de financiamento que substitúe os antigos contratos de prazas concertadas.

Novas prazas para discapacidade: Seguimos a incrementar o número de prazas de atención diúrna e residencial.

Investimento para a reforma, ampliación ou creación de novos centros para a discapacidade:

A finais de 2022 puxemos en marcha unha orde de investimentos para entidades sociais segundo a cal poñemos á súa disposición 13 M€ para que 10 entidades sociais reformen ou creen novos centros.

Tamén asinamos convenios de colaboración con asociacións para que poidan continuar cos seus proxectos residenciais, como foi o caso de Adapta (Cogami) en Ponteareas ou de Saúde Mental As Pontes (Feafes).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A través da convocatoria de axudas anual do IRPF poñemos á disposición das entidades sociais financiamento para desenvolver os seus programas e para facer obras nos seus centros.

Fomento da accesibilidade: Para axudar a erradicar barreiras, tanto físicas como cognitivas ou de comunicación.

Uns avances que seguirán medrando e para o que se require do compromiso de todas as administracións ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:25:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31677
Data envío: 19/08/2025 17:25:35.242

CSV: BOPGDSPG-KyIQ1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16015**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Trenor López e outros deputados e deputadas, sobre **"a valoración respecto do funcionamento do transporte ferroviario durante as festas do Nadal"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes durante a comparecencia a petición propia, número de rexistro 26638, para informar sobre a situación do transporte en Galicia e que tivo lugar no Pleno celebrado o pasado 10 de xuño de 2025, á que nos remitimos e que pode verse no seguinte enlace:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=ZWZjYjA1YzMtNWYxMS00MmZiLWFiZjAtMmU4ZTAwMmNiNjg5&start=5045.419](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZWZjYjA1YzMtNWYxMS00MmZiLWFiZjAtMmU4ZTAwMmNiNjg5&start=5045.419)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 22:58:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31995
Data envío: 21/08/2025 22:58:14.882

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 16017**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila e dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"o nivel de recursos persoais e materiais cos que conta o Centro de Información á Muller de Ponteareas"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

" A Xunta de Galicia é consciente do papel fundamental dos CIM de Galicia como recurso de acompañamento ás mulleres, a atención ás vítimas de violencia de xénero, para o desenvolvemento de programas de promoción da igualdade e tamén para o acompañamento ás persoas LGBTI. Por ese mesmo motivo estamos traballando no Plan integral de actuación para a renovación e impulso deste centros co obxectivo de coñecer a realidade de todos eles, diferenciando entre as necesidades no urbano e no rural. Facémolo a través dunha escoita activa do persoal dos centros , tamén o de Ponteareas, a través de diferentes ferramentas e, posteriormente, elaborárase o plan con obxectivos e medidas concretas.

O Goberno galego é consciente da prioridade do traballo das profesionais dos CIM, que son de titularidade municipal. Por iso poñemos en marcha este plan e por iso o acompañamos neste 2025 cun incremento orzamentario de 30,6% superando os 6,5 M€ en 2025: un aumento dun 13,6% para o pago do persoal e un 30% máis para apoiar as accións de promoción da igualdade e prevención de violencia de xénero. Ademais, haberá apoios para mellorar o equipamento dos centros e seguiremos impulsando o plan de formación do persoal".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:51:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31733
Data envío: 19/08/2025 17:51:49.509

CSV: BOPGDSPG-KyIQ1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16020**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Iago Suárez Fernández, sobre **"as posibilidades de reorientación do modelo de aloxamentos compartidos destinados á xente nova que prevé pór en marcha a Xunta de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O programa de aloxamentos compartidos para mozos non necesita ningunha reorientación. Está dirixido a ofrecer vivendas que faciliten a emancipación dos menores de 36 anos con ingresos, supoñendo un aloxamento transitorio que facilite o tránsito a outra vivenda, polo que se establece un período de ocupación limitado.

A normativa garante as plenas condicións de habitabilidade destas vivendas, que serán propiedade do IGVS e xestionadas pola consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Por outra parte, a Xunta ai destinar a menores de 36 anos o 40 por cento de todas as vivendas de promoción pública que constrúa e destine a réxime de alugueiro, así como o 25 por cento das que se destinen á venda, polo que os aloxamentos compartidos non son as únicas vivendas destinadas aos máis novos.

Polo momento a Xunta prevé construír aloxamentos compartidos para menores de 36 anos en Santiago, Vigo e Lugo, cun total de 190 vivendas aproximadamente, sobre un total de máis de 2.800 vivendas de promoción pública que están xa nalgunha fase de execución".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:51:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31731
Data envío: 19/08/2025 17:51:32.744

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16021**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Paula Prado del Río e outros deputados e deputadas, sobre **"o estado en que se atopa o proceso de dixitalización da Administración de xustiza que está a promover o Goberno galego"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director de Xustiza en resposta á pregunta oral número 16022, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 1ª celebrada o 2 de abril de 2025, á que nos remitimos.

A resposta completa do director xeral de Xustiza pode verse nos seguintes enlaces:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YTLIYTA5NjMtNWVlNC00MjE1LTk0ZDktYzAwNzFmMzYxNjQ5&start=6344>

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YTLIYTA5NjMtNWVlNC00MjE1LTk0ZDktYzAwNzFmMzYxNjQ5&start=7120>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:50:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31730
Data envío: 19/08/2025 17:50:36.183

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 16029**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos, dona Noa Presas Bergantiños e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para abordar a desinformación e incrementar a sensibilización e o coñecemento en relación con colectivo transexual e, en xeral, coa realidade do mundo LGBT"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

" Nos últimos anos a Xunta de Galicia impulsou unha serie de iniciativas dirixidas a coñecer a situación do colectivo LGBTI na nosa Comunidade. Por exemplo, puxo en marcha e coordinou o estudo A diversidade no contorno laboral: estudo sobre a situación laboral das persoas LGTBI en Galicia; impulsou o informe Análise, datos e recomendacións para o recoñecemento da diversidade en Galicia, do Foro de Identidades e disidencias sexuais do Consello da Cultura Galega; e tamén os informes elaborados polo Observatorio Galego contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero, nos que se recolle de maneira específica a situación das persoas trans no eido da educación, dos deportes, da saúde, e a situación das persoas migrantes trans.

Non hai moitos datos cuantitativos tanto a nivel autonómico como nacional da inserción laboral das persoas trans, mais neste momento a Xunta de Galicia promove a inserción destas persoas mediante o Plan Galicia Emprega, que conta cunha liña de axudas á contratación de distintos colectivos, como mocidade, mulleres, persoas maiores, persoas discapacitadas, etc., e que recolle un 15% de aumento na contía das axudas se a persoa solicitante é trans. Igualmente teñen incrementos nas axudas as persoas autónomas trans que inician a súa actividade.

Ademais, e co obxectivo de favorecer a inserción laboral deste colectivo, fíxose unha formación dirixida a patronal, sindicatos e asociacións LGBTI sobre dereitos laborais das persoas do colectivo. A través da web diversidade.igualdadelaboral.gal publícanse boas prácticas, sentenzas comentadas, novas, informes, guías e, en definitiva, información que sexa de utilidade neste eido co obxectivo, ademais, de achegar o asociacionismo e os servizos públicos a través deste espazo virtual.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por outra banda, o Goberno galego ten en marcha cursos de formación e sensibilización dirixidos ao persoal da administración pública, aprobáronse recentemente protocolos específicos para o acompañamento das persoas LGBTI nos CIM en diálogo co tecido asociativo LGBTI mediante o Observatorio e púxose en marcha este ano a campaña de visibilización e posta en valor do colectivo "Galicia Orgullosa". Do mesmo xeito, a través do Observatorio tamén se aprobaron tres decálogos contra a LGBTIfobia nas familias, nos deportes e na educación, ademais de ter anualmente convenios de colaboración coas organizacións LGBTI para apoiar o seu traballo e seguir avanzando cara unha Galicia máis diversa e orgullosa".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:50:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31729
Data envío: 19/08/2025 17:50:29.482

CSV: BOPGDSPG-KyIQ1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16048**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Paula Prado del Río e outros deputados e deputadas, sobre **"os resultados dos simulacros organizados para verificar a eficacia dos plans de emerxencia activos, nomeadamente o que levou aparelado unha proba do sistema ES-Alert"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Ao longo de 2024 a Xunta comprobou a efectividade dos plans de emerxencias de Protección Civil con seis simulacros, catro deles con traballos de campo e dous a través de simulacións. Tratouse de accións dirixidas a facerlle fronte a unha hipotética situación de emerxencia, derivada dun suposto accidente ou catástrofe, para comprobar a eficacia dos plans de emerxencia deseñados e definir posibles medidas de mellora.

Os obxectivos dos exercicios foi a constatación da calidade da coordinación entre os grupos operativos e a avaliación da capacidade para a toma de decisións dos órganos de xestión, así como o ensaio das medidas recollidas nos manuais operativos e dos procedementos dos distintos participantes".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:50:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31726
Data envío: 19/08/2025 17:50:05.846

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 16073**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"a elaboración dun informe respecto do perfil patolóxico das persoas usuarias dos centros residenciais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Os ingresos nas residencias públicas de maiores realízanse por asignación de praza ás persoas que teñen o dereito recoñecido pola Lei de Dependencia a recibir un recurso residencial, ou ben mediante o procedemento de emerxencia social, nos supostos que o ordenamento xurídico recolle.

O ingreso en centros residenciais efectúase de acordo co previsto na Orde do 16 de abril de 2014 polo que se regulan as condicións dos ingresos e traslados en servizos prestados -en centros propios ou concertados- no ámbito da atención á dependencia e da promoción da autonomía persoal.

O artigo 3 da citada orde, en canto á regulación dos titulares do dereito de ingreso, sinala que poderán acceder aos servizos regulados no artigo 2 (entre os que se atopa o servizo de atención residencial) as persoas en situación de dependencia e se lles resolverse no seu Programa Individual de Atención (PIA) algún dos servizos regulados nesta norma.

En canto á asignación de prazas vacantes, o artigo 7 establece que se levará a cabo a través do Programa de Asignación de Recursos (PIA), conforme aos criterios sinalados nos artigos 44 e 45 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro.

- a) O maior grado de dependencia.
- b) A menor capacidade económica
- c) A situación sociofamiliar das persoas en situación de dependencia.
- d) A non percepción de outra prestación ao servizo do sistema para a autonomía e atención á dependencia
- e) A data da presentación da solicitude da valoración da dependencia
- f) A idade da persoa en situación de dependencia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Existe unha excepción a este sistema que son os supostos de emerxencia social, aos que fai referencia o artigo 16 do mesmo decreto. Este é o único suposto no que a Xunta de Galicia pode asignar unha praza pública de atención residencial sen respectar a orde establecida no Programa de Asignación de Recursos e sempre previo ditame – técnico do Órgano de Valoración e Asesoramento da Dependencia, unha vez analizado o informe social e de saúde que acrediten estas circunstancias, e cando así o aconsellen razóns de interese público debidamente documentadas e obxectivas que conleven:

- a) Unha situación de desamparo ou abandono.
- b) Malos tratos físicos e/ou psíquicos.
- c) Situación de risco grave inminente para a súa integridade física e/o psíquica.

A patoloxía psiquiátrica é unha característica clínica que calquera persoa nun momento determinado pode padecer, e que non pode nin debe ser unha barreira para que unha persoa acceda a unha praza residencial se ten dereito á mesma”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:49:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31723
Data envío: 19/08/2025 17:49:44.323

CSV: BOPGDSPG-KyIQ1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 16075**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"a evolución nos últimos cinco anos das medidas da Xunta de Galicia dentro do modelo de apoio á dependencia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

" É innegable que na atención á dependencia Galicia rexistrou un gran avance nos últimos 15 anos:

Multiplicamos por máis de cinco o número de dependentes atendidos: de 15.000 a máis de 84.000, triplicamos a oferta de prazas sostidas con fondos públicos en residencias de maiores e multiplicamos por seis o número de prazas en centros de día: de 1.000 a máis de 6.000 actuais e multiplicamos por máis de sete o número de beneficiarios do SAF.

Ademais, puxemos en marcha medidas innovadoras adaptadas á realidade e ás necesidades dos galegos, como as Casas do maior, o Bono coidado no fogar, ou o complemento ao Bono residencia.

Tamén destaca o servizo Xantar na casa, que leva un menú diario san e equilibrado aos fogares de máis de 2.500 galegos; apostamos pola teleasistencia, un seguimento a domicilio que se apoia na tecnoloxía. Impulsamos o bono coidado no fogar, unha axuda de 5.000 euros ao ano para todas as persoas que teñen recoñecida a dependencia e que son coidadas nos seus fogares por un familiar, veciño ou persoa da súa confianza.

E desenvolvemos programas de envellecemento activo como as aulas senior nas universidades, Carné +65, programa de Benestar en Balnearios ou Xuntos polo Nadal.

Este ano demos un paso máis coa aprobación dun plan de axilización e simplificación para reducir os tempos de agarda na valoración da dependencia e discapacidade. Un plan que xurde co obxectivo de reducir a seis meses o tempo máximo de acceso aos servizos e prestación.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





É necesario recordar que aínda que a Lei de Dependencia estatal, do ano 2006, establece que a atención aos dependentes debe ser financiada ao 50% entre o Estado e as Comunidades, na práctica non é así. Preto do 70% do custe do sistema galego de atención á dependencia é sostido e exclusiva pola nosa Comunidade, mentres que o Goberno central achega o 30% restante. Isto supón que Galicia deixa de ingresar uns 150M€ anuais para atender ás persoas dependentes. E se sumamos a débeda de todos os anos que leva sen incumprir a Lei de Dependencia, a suma ascende a máis de 2.500M€.

Ademais, a este deficiente financiamento por parte do Executivo Central súmase agora un trato desigual con respecto a outras CC.AA, xa que mentres que en Galicia o Executivo central diminúe a súa achega, baixando do 40% ao 34,9% en só un ano, acorda bilateralmente co País Vasco asumir a metade do custo dos servizos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:49:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31721
Data envío: 19/08/2025 17:49:30.726

CSV: BOPGDSPG-KyIQ1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 16077**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"as medidas impulsadas pola Xunta de Galicia dirixidas á mellora da situación das familias monoparentais, especialmente das encabezadas por mulleres"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

" Galicia foi das primeiras comunidades autónomas de España en aprobar un recoñecemento específico e con carácter oficial para acreditar a condición de familia monoparental, e a Xunta de Galicia leva tramitando máis dunha década estes recoñecementos para que as familias monoparentais desta Comunidade Autónoma poidan acceder a diversos beneficios e vantaxes. A día de hoxe, hai administración autonómicas que aínda carecen do recoñecemento oficial ás familias monoparentais que Galicia leva acreditando desde a entrada en vigor da Lei 3/2011.

Loxicamente, este recoñecemento só ten validez en Galicia por ser unha iniciativa da Xunta de Galicia, xa que a día de hoxe non existe un título con validez estatal como si existe noutros ámbitos, pese as reiteradas promesas e anuncios do Goberno central sobre esta cuestión.

As familias galegas que obteñan o certificado de Familia Monoparental da Xunta de Galicia poderán acceder a beneficios por parte das administracións públicas. No caso dos relativos á Xunta de Galicia, algúns destes beneficios son a protección preferente no acceso á vivenda de protección autonómica; o acceso a programas específicos de apoio ás familias monoparentais; a preferencia no acceso en todas as quendas no programa de Vacacións Familiares da Xunta nas Residencias de Tempo Libre; a bonificación dos prezos para a campaña de verán nos campamentos xuvenís organizados pola Xunta de Galicia; a preferencia na adxudicación de prazas para mozos e mozas nas residencias xuvenís dependentes da Xunta de Galicia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





No eido educativo, as familias que dispoñen do certificado da Xunta de Galicia acceden a beneficios e vantaxes como a puntuación adicional no baremo para a adxudicación de prazas nas escolas infantís públicas de 0 a 3 anos; a redución dun 20% nas tarifas de comedor nas escolas infantís públicas de 0 a 3 anos; a puntuación adicional na admisión de alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, ou a puntuación adicional no baremo para o acceso ao servizo de casas niño subvencionado pola Xunta de Galicia. Ademais, no eido da inclusión, a consideración de monoparentalidade tense en conta no acceso á Renda de Inclusión de Galicia (Risga) e ás axudas de inclusión social.

Por outro lado, a pobreza da infancia está relacionada coa pobreza da unidade familiar, por iso as medidas que promovemos desde a Xunta e que se orientan á infancia están comprendidas dentro dun enfoque con perspectiva familiar. Por iso, poñemos en marcha iniciativas que favorezan a conciliación e, por tanto, a inclusión sociolaboral para acceder a un emprego, como:

A gratuidade das escolas infantís 0-3. Galicia foi a primeira comunidade en implementar a gratuidade nas escolas infantís para todos os nenos de 0 a 3 anos, aliviando a carga económica das familias.

Deducións fiscais. Galicia foi a primeira comunidade en equiparar fiscalmente no tramo autonómico do IRPF ás familias con dous fillos coas familias numerosas

Axudas para a redución de xornada laboral. Para chegar a un maior equilibrio na repartición das tarefas e dos coidados. Con esta medida favorécese a empregabilidade e a promoción profesional das mulleres. Ou o Bono Concilia. Para axudar ás familias para conciliar durante as vacacións escolares”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:49:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31719
Data envío: 19/08/2025 17:49:16.197

CSV: BOPGDSPG-KyIQ1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 16082**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto do envío de informes ao Parlamento de Galicia referidos á execución dos proxectos sociais dependentes de fondos europeos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

" 25 de setembro de 2021, publicouse no BOE a Resolución de 11 de setembro de 2021, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, pola que se publica o Convenio entre o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (MRR); para o financiamento de proxectos de investimento do compoñente 22 "Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social" por un importe de 164,17 M €.

No ano 2023, o Consello de Ministros aprobou a proposta de distribución territorial entre as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla dos créditos para a financiación de proxectos de investimento no marco do compoñente 22 "Plan de choque para a economía dos coidados e reforzo das políticas de inclusión"; no que se lle asigna a Galicia un crédito de 68,65 M €, para o ano 2023, o que supón incrementar en 6,10 M € a contía de 62,41 M € establecida no convenio do ano 2021. Este cambio formalizouse mediante addenda ao convenio asinado que foi publicada no Boletín Oficial do Estado número 213, do 3 de setembro de 2024, mediante a Resolución do 9 de agosto de 2024, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais.

Tal como se indica na cláusula cuarta da citada addenda, posteriormente procedeuse á modificación do anexo III do convenio, no que se detallan os proxectos a executar co financiamento dos fondos do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia. Esta información é pública dende o 7 de marzo de 2025, data na que saíu publicado o Boletín Oficial do Estado número 57, no que se publicou a Resolución do 27 de febreiro de 2025, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais pola que se publica a addenda de modificación do convenio coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Dende a consellería de Política Social e Igualdade, tal como se recolle polo miúdo no citado anexo III, estanse levando a cabo investimentos destinados á transformación da rede de coidados de longa duración a través da construción, adquisición, reforma e modernización de equipamentos. Tamén se están levando a cabo no ámbito da modernización, dixitalización e mellora dos servizos de protección, atención e acollemento da infancia, así como proxectos de innovación de servizos sociais. ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:48:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31715
Data envío: 19/08/2025 17:48:46.884

CSV: BOPGDSPG-KyIQ1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16083**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona Elena Espinosa Mangana, sobre **"a eventual recuperación da Tarxeta Básica por parte do Goberno galego"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia puxo en marcha a Tarxeta Básica, unha medida excepcional nun momento excepcional como foi a emerxencia da covid, nun momento no que a xente non podía traballar xa que estaba limitada a mobilidade.

Agora estamos nunha situación moi diferente, polo que é preciso que as axudas de inclusión social persigan novos obxectivos como é o acceso ao emprego das persoas beneficiarias.

A Xunta implantou a tarxeta básica durante a covid como unha medida excepcional de axuda ás familias nun momento de limitacións da mobilidade e do traballo.

Aínda así, dende o ano 2022 o Goberno galego compensou a retirada da tarxeta básica cun aumento de 30M no presuposto destinado á inclusión social. Isto permitiu:

Incrementar as axudas directas ás persoas en situación de vulnerabilidade, subindo nun 8% as contías da RISGA e das Axudas de Emerxencia (AIS).

Subir nun 6% o complemento autonómico ás pensións non contributivas.

Aumentar os fondos para concellos e entidades sociais que traballan con persoas en situación de risco".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:48:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31714
Data envío: 19/08/2025 17:48:40,420

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16086**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e outros deputados e deputadas, sobre **"a xestión das axudas á mocidade derivadas do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O contido desta pregunta xa foi contestado a través da moción 4096 debatida en Pleno do pasado día 28/05/2024.

Asemade adxuntamos o link do mesmo:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MTNmZmJlN2YtNmQ5Ni00NGI1LWFjMDctMmQzNTYzZGlyZGUw&start=12343>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:44:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31712
Data envío: 19/08/2025 17:44:20.365

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16090**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro, don Julio Ernesto Abalde Alonso e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"a mellora das instalacións da Residencia de Maiores de Oleiros"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O novo modelo de residencias de Galicia inclúe a creación de unidades psioxerátricas especializadas tendo en conta os cambios que acontecen no envellecemento e a forma de presentación das diferentes patoloxías. Cómpre desestigmatizar ás persoas con algún problema de saúde mental se queremos apostar por unha verdadeira atención integral e integrada.

A Xunta, ante unha cuestión tan común nos nosos días, avoga pola atención, a concienciación e a sensibilización e sobre todo pola inclusión. Sinalar que a carteira de servizos para a atención á dependencia inclúe programas específicos para a atención psicosocial.

Por outra banda, na última relación de postos de traballo da Consellería de Política Social e Igualdade, publicada o 29 de decembro de 2023 no DOG, creáronse na residencia de maiores de Oleiros os seguintes postos de traballo:

2 Enfermeiros/as.

7 Auxiliares de clínica.

3 Camareiros/as limpadores/as.

1 Oficial 2º de cociña.

1 Subalterno.

Ademais disto, nesta mesma residencia pasaron de xornada de fin de semana a xornada completa os seguintes postos de traballo:

1 Enfermeiro/a.

21 Auxiliares de enfermería.

4 Camareiros/as limpadores/as.

Todo isto co fin de dar cumprimento ao acordo sobre as condicións de traballo do persoal dos centros de Xestión propia da Consellería de Política Social, publicado no DOG do 29 de decembro de 2023 (Acordo subscrito coas catro organizacións sindicais con representación na mesa xeral de negociación).

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Polo tanto, o número de efectivos da residencia de maiores de Oleiros está moi por encima da ratio mínima esixida pola normativa vixente.

Na actualidade na dita residencia están en execución as obras de renovación das cubertas do edificio mellorándose entre outros aspectos o illamento e a salubridade de todos os elementos que forman a envolvente superior do edificio, así como a execución de novos canelóns, a conexión coas baixantes existentes e a resolución dos encontros co resto do edificio.

O importe da adxudicación destas obras é de preto de 850.000€. De xeito complementario ás obras nas cubertas, executarase a instalación do sistema de extracción campá con cheminea.

Así tamén, cómpre indicar que nas anualidades 2023, 2024 e 2025 efectuáronse obras no citado centro por importe de 210.163,59 e gastos en equipamento cun custo de 37.263€".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:44:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31710
Data envío: 19/08/2025 17:44:07.128

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16095**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e María dona Elena Espinosa Mangana, sobre **"o prazo en que o Goberno galego prevé publicar o anunciado estudo relativo ao modelo asistencial das residencias de maiores"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Os ingresos nas residencias públicas de maiores realízanse por asignación de praza ás persoas que teñen o dereito recoñecido pola Lei de Dependencia a recibir un recurso residencial, ou ben mediante o procedemento de emerxencia social, nos supostos que o ordenamento xurídico recolle.

O ingreso en centros residenciais efectúase de acordo co previsto na Orde do 16 de abril de 2014 polo que se regulan as condicións dos ingresos e traslados en servizos prestados -en centros propios ou concertados- no ámbito da atención á dependencia e da promoción da autonomía persoal.

O artigo 3 da citada orde, en canto á regulación dos titulares do dereito de ingreso, sinala que poderán acceder aos servizos regulados no artigo 2 (entre os que se atopa o servizo de atención residencial) as persoas en situación de dependencia e se lles resolverse no seu Programa Individual de Atención (PIA) algún dos servizos regulados nesta norma.

En canto á asignación de prazas vacantes, o artigo 7 establece que se levará a cabo a través do Programa de Asignación de Recursos (PIA), conforme aos criterios sinalados nos artigos 44 e 45 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro.

- a) O maior grado de dependencia.
- b) A menor capacidade económica.
- c) A situación sociofamiliar das persoas en situación de dependencia.
- d) A non percepción de outra prestación ao servizo do sistema para a autonomía e atención á dependencia.
- e) A data da presentación da solicitude da valoración da dependencia.
- f) A idade da persoa en situación de dependencia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Existe unha excepción a este sistema que son os supostos de emerxencia social, aos que fai referencia o artigo 16 do mesmo decreto. Este é o único suposto no que a Xunta de Galicia pode asignar unha praza pública de atención residencial sen respectar a orde establecida no Programa de Asignación de Recursos e sempre previo ditame – técnico do Órgano de Valoración e Asesoramento da Dependencia, unha vez analizado o informe social e de saúde que acrediten estas circunstancias, e cando así o aconsellen razóns de interese público debidamente documentadas e obxectivas que conleven:

- a) Unha situación de desamparo ou abandono.
- b) Malos tratos físicos e/ou psíquicos.
- c) Situación de risco grave inminente para a súa integridade física e/o psíquica.

A patoloxía psiquiátrica é unha característica clínica que calquera persoa nun momento determinado pode padecer, e que non pode nin debe ser unha barreira para que unha persoa acceda a unha praza residencial se ten dereito á mesma”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:43:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31708
Data envío: 19/08/2025 17:43:54.026

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16097**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"o número de profesionais que foi incrementado co obxectivo de axilizar as listas de espera para a valoración do grao en dependencia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta é consciente de que a espera media para valorar a dependencia é maior á desexable e, precisamente por isto aprobamos un plan de axilización e simplificación para reducir os tempos de agarda na valoración da dependencia e discapacidade.

Un plan que xurde co obxectivo de reducir a seis meses o tempo máximo de acceso aos servizos e prestacións.

Ente outras medidas, este plan:

- Abre unha vía preferente para persoas maiores de 80 anos.
- Reduce a burocracia: só haberá que presentar a solicitude.
- Permite solicitar a valoración de dependencia e discapacidade á vez e habilitar a homologación.
- Mellora a xestión das citas: a través dunha mensaxe no móbil. E se mellora a citación telefónica.
- Reforza o persoal que tramita estes procedementos.
- Reforza os servizos sociais para que se centren na atención individualizada das persoas ao ver rebaixada a carga de traballo burocrática.

Como xa vimos reclamando dende fai tempo, é totalmente necesario que o Goberno central cumpra coa lei de dependencia e financie o 50% do investimento nesta materia.

Cómpre lembrar que ademais da débeda acumulada con Galicia, que supera os 2.500M€, o Executivo central está a reducir ano a ano o financiamento en dependencia á nosa Comunidade, así no 2023 achegou un 40% mentres que no 2024 limitouse a aportar un 34,9%".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:43:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31706
Data envío: 19/08/2025 17:43:39.583

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16101**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"a cobertura da demanda xerada en Galicia das prestacións outorgadas pola Lei de dependencia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta é consciente de que a espera media para valorar a dependencia é maior á desexable e, precisamente por isto aprobamos un plan de axilización e simplificación para reducir os tempos de agarda na valoración da dependencia e discapacidade.

Un plan que xurde co obxectivo de reducir a seis meses o tempo máximo de acceso aos servizos e prestacións.

Ente outras medidas, este plan:

- Abre unha vía preferente para persoas maiores de 80 anos.
- Reduce a burocracia: só haberá que presentar a solicitude.
- Permite solicitar a valoración de dependencia e discapacidade á vez e habilitar a homologación.
- Mellora a xestión das citas: a través dunha mensaxe no móbil. E se mellora a citación telefónica.
- Reforza o persoal que tramita estes procedementos.
- Reforza os servizos sociais para que se centren na atención individualizada das persoas ao ver rebaixada a carga de traballo burocrática.

Como xa vimos reclamando dende fai tempo, é totalmente necesario que o Goberno central cumpra coa lei de dependencia e financie o 50% do investimento nesta materia.

Cómpre lembrar que ademais da débeda acumulada con Galicia, que supera os 2.500M€, o Executivo central está a reducir ano a ano o financiamento en dependencia á nosa Comunidade, así no 2023 achegou un 40% mentres que no 2024 limitouse a aportar un 34,9%".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 20:33:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31500
Data envío: 18/08/2025 20:33:10.059

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16103**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"o eventual desenvolvemento por parte do Goberno galego de plans de información á poboación relativos ás prestacións sociais ás que ten dereito"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia traballa conxuntamente cos servizos sociais de base, tanto do Sistema Galego de Saúde, dos concellos, deputacións, áreas metropolitanas, as propias entidades de natureza social para informar a todas as persoas dos seus dereitos en xeral, pero en particular en materia de dependencia pola especial vulnerabilidade da poboación afectada.

Como mostra desta colaboración entre Administracións e sector social o volume de solicitudes en dependencia creceu, é dicir, a información chega a través non so da Xunta de Galicia senón tamén a través dos servizos sociais de base, que son os mais próximos á poboación o que lles permite identificar as necesidades da poboación que deben ser atendidas polo sistema de dependencia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 20:32:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31498
Data envío: 18/08/2025 20:32:55,992

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16107**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto reforma da Lei de inclusión social para que as familias vulnerables e en risco de exclusión de Galicia poidan acceder a outras prestacións sen teren incompatibilidades co Ingreso Mínimo Vital (IMV)"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia terá unha nova Lei de Inclusión Social, pero non a podía facer allea a un contexto nacional cheo de incertezas. Dende a posta en marcha do IMV, a súa normativa reguladora sufriu constantes modificacións o que dificultou traballar en dita reforma con rigor e, o máis importante, traballar para que o resultado beneficiase de verdade ás persoas perceptoras de rendas mínimas.

Neste contexto, e dende o primeiro momento, en Galicia apostamos por beneficiar ás persoas, sen forzalas a realizar traspasos automáticos ao IMV que lles xerarían prexuízos e sobre todo incertezas.

A Xunta lembra que o Goberno central segue tendo pendente desde hai máis de dous anos o seu compromiso da transferencia integral a Galicia do Ingreso Mínimo Vital (IMV). Non é comprensible esta situación, cando outras comunidades autónomas como o País Vasco, Navarra e Cataluña hai tempo que teñen transferida a xestión desta prestación.

Pero que non se tramitase a modificación da lei non quere dicir que as persoas en situación de exclusión estivesen desatendidas. Todo o contrario, puxéronse en marcha medidas e actuacións adaptadas ás novas necesidades motivadas polo actual contexto socioeconómico, e para iso ano tras ano incrementáronse os orzamentos adicados ás políticas de inclusión social. E a estas medidas hai que engadir os recursos que a Xunta pon a disposición do conxunto das familias, das persoas novas, dos maiores e daquelas persoas que máis o precisan.

Polo que respecta á incompatibilidade, a RISGA é compatible coas prestacións que teñen un importe inferior á contía básica dunha PNC. E por suposto tamén poden acceder a outro tipo de axudas e programas de inclusión se así o precisan".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31497
Data envío: 18/08/2025 20:32:49.817

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 20:32:49

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16109**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"as previsións da Consellería de Política Social e Igualdade respecto da elaboración do Plan estratéxico de servizos sociais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Unha administración comprometida cos servizos sociais é aquela que contempla nas súas contas anuais o orzamento necesario para o seu soporte e atención, a que garante que toda persoa en situación de vulnerabilidade reciba o apoio necesario, e que impulsa un sistema social que sexa máis accesible, áxil e eficiente.

O Goberno galego cumpre unha a unha estas premisas e traballa na mellora dos servizos sociais, escoitando e atendendo ás necesidades reais de todos os galegos.

E, neste camiño, procuramos a mellora constante do sistema de atención á dependencia, así a Xunta incrementa cada ano os orzamentos para a dependencia; continúa reducindo a burocracia e os tempos de agarda, mediante a aprobación do Plan de axilización e simplificación do acceso aos servizos de dependencia e discapacidade; e impulsa medidas pioneiras, universais para a atención integral destas persoas.

Pero o certo é que neste camiño non podemos avanzar en solitario ou clara desigualdade. Porque para achegar os servizos ás persoas é necesaria a colaboración do Goberno central, que segue a incumprir o financiamento ao 50% da Lei.

Neste senso, Galicia está facendo un esforzo financeiro moi superior ao que lle corresponde, xa que o Goberno central, lonxe de achegar o 50%, no último ano baixou a súa financiación (do 40% ao 34,9%), situando a débeda acumulada con Galicia en máis de 2.500M€.

É importante recordar que o Goberno central vén de comprometerse co País Vasco en achegar o 50% do financiamento dos servizos, xusto o que lle nega a Galicia, aumentando así as desigualdades entre as comunidades, dependendo de onde gobernen os seus socios.

Non podemos consentir que se establezan comunidades e dependentes de primeira e de segunda, todo en base a repartir financiamento de xeito desigual e tendo en conta só criterios políticos."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:02:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:02:44
Nº Rexistro: 31754
Data envío: 20/08/2025 12:02:44.678

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16111**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"as previsións do Goberno galego no referido á atención sociosanitaria das persoas enfermas de esclerose lateral amiotrófica (ELA)"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia marcou o paso a nivel nacional na atención ás persoas diagnosticadas con Esclerose Lateral Amiotrófica, doenza máis coñecida polas súas siglas ELA.

No 2018 foi pioneira neste ámbito ao crear o Proceso asistencial integrado de Esclerose Lateral Amiotrófica. Ao abeiro deste procedemento de actuación buscou axilizar a atención das persoas con esta enfermidade. Así, establecéronse dúas vías: unha a nivel sanitario, para axilizar o diagnóstico e outra a nivel social coa implementación dunha vía preferente para a valoración da situación de dependencia das persoas con ELA e así poidan acceder a un servizo no menor tempo posible.

Dende o ano 2023, Galicia tamén é a primeira comunidade autónoma en apoiar e atender ás persoas con ELA e ás súas familias, poñendo a súa disposición unha achega anual de 12.000€ para cada afectado.

Dende o goberno autonómico, incidimos na importancia desta axuda, xa que unha persoa con ELA pasa nun período de tempo moi curto de ser plenamente autónoma a converterse en gran dependente, con todo o que isto significa. Por iso, dende o Goberno galego seguiremos apoiando a estas persoas e ás súas familias para que poidan facer fronte aos importantes gastos derivados directamente desta doenza. Así este ano 2025 volvemos a publicar unha nova orde de axudas para persoas diagnosticadas de ELA.

Por outro lado, a Xunta de Galicia xa alertou en numerosas ocasións do incumprimento da Lei ELA por parte do Goberno central e que supón unha falta de compromiso con todas as persoas afectadas e as súas familias. Por iso a normativa debe vir acompañada da financiación suficiente, porque crear dereitos sen o aporte económico suficiente só xera frustración."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:02:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:02:31
Nº Rexistro: 31752
Data envío: 20/08/2025 12:02:31.720

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16113**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro, dona Paloma Castro Rey e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"as medidas que puxo en marcha a Xunta de Galicia co fin de erradicar a pobreza e a vulnerabilidade social na franxa de poboación galega que está nesa situación"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego está a facer un traballo decidido na loita contra a exclusión social. Por iso Galicia conta coas as taxas de pobreza máis baixas desde que hai rexistros.

Os datos do INE revelan que Galicia sitúase como a comunidade que máis reduciu no último ano a taxa AROPE, un período de tempo no que case 200.000 galegos abandonaron esta condición.

No último ano o risco de pobreza e exclusión social experimentou unha redución sen precedentes, colocando a Galicia como a cuarta comunidade con menor taxa de risco de pobreza e exclusión social. E sendo, ademais, a taxa AROPE máis baixa rexistrada na serie histórica (18,8%, fronte ao 25,8% a nivel nacional)

Consolidámonos como a comunidade con menores índices de desigualdade, con datos como a redución nun 41,4% da carencia material e social severa.

O Goberno galego continúa desenvolvendo medidas para aquelas persoas que se atopan nunha situación de especial vulnerabilidade:

- (1) A Renda de inclusión social de Galicia (RISGA), para que reciban esta prestación todas as persoas que non queren ou non puideron transitar ao Ingreso Mínimo Vital (IMV).
- (2) As Axudas de Inclusión Social (AIS) para a compra de comida, de roupa, o pago da vivenda ou produtos de farmacia.
- (3) O complemento autonómico ás Pensións Non Contributivas (PNC).
- (4) Ou as ordes de axudas para concellos e entidades de iniciativa social para desenvolver programas de interese social. "

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:02:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:02:17
Nº Rexistro: 31750
Data envío: 20/08/2025 12:02:17.896

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 16116**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"o traballo levado a cabo pola Xunta de Galicia para materializar os dereitos das persoas dependentes establecidos na Lei de autonomía persoal"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta é consciente de que a espera media para valorar a dependencia é maior á desexable e, precisamente por isto aprobamos un plan de axilización e simplificación para reducir os tempos de agarda na valoración da dependencia e discapacidade.

Un plan que xurde co obxectivo de reducir a seis meses o tempo máximo de acceso aos servizos e prestacións. Ente outras medidas, este plan:

Abre unha vía preferente para persoas maiores de 80 anos;

Reduce a burocracia: só haberá que presentar a solicitude;

Permite solicitar a valoración de dependencia e discapacidade á vez e habilitar a homologación;

Mellora a xestión das citas: a través dunha mensaxe no móbil. E se mellora a citación telefónica;

Reforza o persoal que tramita estes procedementos;

Reforza os servizos sociais para que se centren na atención individualizada das persoas ao ver rebaixada a carga de traballo burocrática.

Como xa vimos reclamando dende fai tempo, é totalmente necesario que o Goberno central cumpra coa lei de dependencia e financie o 50% do investimento nesta materia.

Cómpre lembrar que ademais da débeda acumulada con Galicia, que supera os 2.500M€, o Executivo central está a reducir ano a ano o financiamento en dependencia á nosa Comunidade, así no 2023 achegou un 40% mentres que no 2024 limitouse a aportar un 34,9%."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:01:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:01:56
Nº Rexistro: 31747
Data envío: 20/08/2025 12:01:56.119

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16127**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"o balance da Estratexia para a promoción da vivenda pública e o impulso da vivenda protexida durante o ano 2023"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O contido desta pregunta xa foi contestado a través da moción 4096 debatida en Pleno do pasado día 28/05/2024.

Asemade adxuntamos o link do mesmo:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MTNmZmJlN2YtNmQ5Ni00NGI1LWFjMDctMmQzNTYzZGlyZGUw&start=12343>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 20:32:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31495
Data envío: 18/08/2025 20:32:34.139

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16194**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"a calidade dos servizos que se prestan no Centro de Atención a Persoas con Discapacidade Souto de Leixa, de Ferrol"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O centro de atención a persoas con discapacidade Souto de Leixa de Ferrol está actualmente xestionado por unha entidade de iniciativa social cunha ampla experiencia na atención á discapacidade: a Fundación Hospitalarias de Betanzos.

Tal e como se comprometera a Xunta de Galicia coas familias dos usuarios, a principios deste ano sacouse a licitación o contrato de xestión do centro reservado a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro.

Desde o pasado mes de maio, a Fundación Hospitalarias xestiona o centro de forma impecable, contando coas familias e atendendo ás súas demandas e, como non podía ser doutro xeito, en constante coordinación coa Xunta.

Neste senso, lembramos que a propia Lei de servizos sociais de Galicia do ano 2008 establece que a xestión indirecta dos servizos públicos de competencia da Comunidade é unha das modalidades que se poden adoptar. Unha modalidade á que tanto o PSOE como o BNG recorren nas institucións que xestionan, como é o caso de moitas residencias dependentes da Deputación de Lugo e mesmo de servizos do SAF dependentes dos seus concellos.

Sempre defendemos que para garantir a atención á discapacidade e para garantir uns servizos sociais de calidade, a colaboración entre as administracións e as entidades sociais son fundamentais.

As entidades sociais permítennos chegar a todas as persoas que o necesitan. Achegan servizos especializados e unha ampla experiencia nun sector que dominan e achegan unha sensibilidade única, porque, lembremos, que as entidades foron fundadas na súa maioría por nais, pais e familias que decidiron aliarse para loitar polos seus seres queridos.

Polo tanto, o tecido asociativo leva no seu ADN a vocación e a atención á discapacidade.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por outra banda, a Xunta sempre supervisa que os centros de servizos sociais cumpran os requisitos e tamén as ratios establecidas pola normativa. Neste senso, a inspección da Xunta sempre supervisou que o servizo de atención de Souto de Leixa se preste coas máximas garantías e xa realizou diferentes visitas ao centro para comprobar o seu funcionamento.

Así, nos últimos anos a inspección de servizos sociais realizou visitas ao Centro de Atención a persoas con discapacidade intelectual de Souto de Leixa en Ferrol, en 2021, 2022, 2023, 2024 e a última en xuño deste mesmo ano.

No curso destas inspeccións constatáronse deficiencias nas instalacións e no equipamento, así como irregularidades formais de tipo documental das que se requiriu a emenda. A entidade responsable enviou contestación aos requirimentos efectuados coa documentación xustificativa das emendas realizadas.

Así mesmo, as deficiencias no funcionamento das que se requiriu emenda foron contestadas acreditando a súa corrección.

Respecto ás instalacións, a Consellería de Política Social e Igualdade rematou no ano 2024 as obras para as que se destinaron preto de 1,2 M€ para ao cambio de cuberta, carpintería exterior e humanización, así como a instalación dun novo sistema de detección de incendios. Ao longo deste ano 2025 continuaranse a levar a cabo actuacións de mellora no centro.

Respecto ao cadro de persoal do centro, este cumpre no seu conxunto coa rateo de persoal establecida no concerto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31704
Data envío: 19/08/2025 17:43:26.222

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:43:25

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 16202**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona Silvia Longueira Castro e dona Elena Espinosa Mangana, sobre **"o nivel de control que realiza a Xunta de Galicia respecto do cumprimento da normativa que obriga os xestores dos comedores escolares a utilizar produtos de proximidade"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

" A Axencia Galega da Calidade Alimentaria da Consellería do Medio Rural, promove a campaña "Come Local" en centros educativos que ten por obxectivo promocionar o produto de proximidade con selo diferenciado como parte do Pacto Verde Europeo e a estratexia "Da Granxa á mesa" da Unión Europea.

As empresas que prestan os seus servizos nas escolas do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, son as responsables de manter os manuais APPC a diario coas entradas de produtos nos centros nos que van a ser consumidos. Ditos rexistros están baixo a supervisión constante dos inspectores de sanidade quen poden requirilos en calquera momento. Polo tanto, a trazabilidade de todos os produtos que entran nas escolas infantís do Consorcio está supervisada polas autoridades sanitarias competentes en todo momento e de xeito permanente, que son as encargadas de velar polo cumprimento da normativa vixente en servizos de alimentación e restauración, e cuxa misión fundamental é a de exercer en todo momento as labores de inspección e control, auditando o traballo destas empresas

As empresas que prestan servizos de comedor nas nosas escolas teñen criterios propios para garantir a harmonización dos produtos que ofertan nas diferentes escolas da Rede A Galiña Azul, dentro dos cales deben cumprir cunha serie de requisitos tales como que os seus fornecedores deben ter centro de produción/distribución na CCAA de Galicia, estar debidamente inscritos no "Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos" (RGSEAA) e/ou o "Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios (REGASA), caso de roturas de stock a entrega de produtos de calidade superior á da oferta, garantir o subministro da/s marca/s acordadas sen poder realizar cambio das mesmas salvo autorización previa, sendo un dos criterios de selección o de menor contido en alérxenos (presentes ou trazas) dada a especial sensibilidade da poboación de 0-3 anos, e compromiso de entrega directa das materias primas con medios propios coa finalidade de evitar roturas na cadea de frío para os produtos sometidos a temperatura conxelada.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Cando se fala de servizos de restauración colectiva que subministran diariamente menús a un gran número de escolas, requírese a partir dun determinado volume, dunha clave 26 que é a que outorga Sanidade, e ao seu tempo, ditas empresas están obrigadas a contar cunha relación de provedores testados e empresas subministradoras que teñan o Rexistro sanitario axeitado así como que cumpran con toda a normativa vixente nacional e europea.

No caso do Consorcio, trátase de homoxeneizar e harmonizar menús para todo o territorio e tendo en conta que están diseminadas por todos os concellos de Galicia, polo que, se dependeramos exclusivamente de pequenos produtores ou distribuidores, non sería posible ofertar menús idénticos en todas as zonas e todas as escolas ao mesmo tempo.

Sen dúbida, e a pesares de non ser unha obriga legal, o Consorcio promoveu dende sempre que o servizo de comedor que se presta nas escolas infantís teña en conta o emprego de produtos de proximidade. Así, na licitación do servizo de comedor nas escolas infantís se establece que a empresa adxudicataria deberá proporcionar unha proposta de menús onde se teñan en conta a promoción do noso patrimonio gastronómico e cultural, coidando o bo gusto e costumes do contorna, procurando o emprego de produtos de orixe galega ou elaborados e transformados en Galicia, así como cos produtos frescos de tempada sempre que sexa posible (apartado 3.1 do Prego técnico). Esta indicación, a pesar diso, non é un requisito de obrigado cumprimento para as empresas licitadoras, e tampouco para as empresas galegas que resultaron adxudicatarias do servizo.

A política do Consorcio Galego en canto ao servizo de restauración non pode ser mais transparente e así foi dende sempre. As familias dispoñen dos menús diarios, semanais e de cantas rodas se muden por mor das tempadas de verán e inverno, ou de calquera cambio puntual que pode darse por rotura de stock ou calquera outra razón. Así mesmo, as actuais empresas operadoras nas escolas do Consorcio e a propia administración teñen a disposición das familias, as fichas técnicas de cada prato (alimentos que leva cada prato, gramaxes, valor nutricional, incluso micro e macro nutrientes, posibles alérxenos...) ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:43:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31702
Data envío: 19/08/2025 17:43:13,399

CSV: BOPGDSPG-KyIQ1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16205**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre **"o cumprimento dos convenios colectivos por parte das empresas e UTE concesionarias das distintas liñas de transporte que son competencia da Xunta de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Como xa se ten indicado, a folga que tivo lugar no servizo de autobuses urbanos de Ferrol respondeu a un conflito entre a empresa e os traballadores, que non teñen ningún vínculo laboral coa Xunta.

As competencias da Xunta a este respecto limitáronse ao establecemento dos servizos mínimos, facer seguimento da folga e do cumprimento dos servizos mínimos e dar traslado deste seguimento e información ao Concello de Ferrol".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31494
Data envío: 18/08/2025 20:32:27.594

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 20:32:27

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 16236**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a situación da Residencia Asistida de Maiores de Oleiros derivada do ingreso de pacientes psiquiátricos e psicoxeriátricos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Os ingresos nas residencias públicas de maiores realízanse por asignación de praza ás persoas que teñen o dereito recoñecido pola Lei de Dependencia a recibir un recurso residencial, ou ben mediante o procedemento de emerxencia social, nos supostos que o ordenamento xurídico recolle.

O ingreso en centros residenciais efectúase de acordo co previsto na Orde do 16 de abril de 2014 polo que se regulan as condicións dos ingresos e traslados en servizos prestados -en centros propios ou concertados- no ámbito da atención á dependencia e da promoción da autonomía persoal.

O artigo 3 da citada orde, en canto á regulación dos titulares do dereito de ingreso, sinala que poderán acceder aos servizos regulados no artigo 2 (entre os que se atopa o servizo de atención residencial) as persoas en situación de dependencia e se lles resolverse no seu Programa Individual de Atención (PIA) algún dos servizos regulados nesta norma.

En canto á asignación de prazas vacantes, o artigo 7 establece que se levará a cabo a través do Programa de Asignación de Recursos (PIA), conforme aos criterios sinalados nos artigos 44 e 45 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro.

- a) O maior grado de dependencia.
- b) A menor capacidade económica
- c) A situación sociofamiliar das persoas en situación de dependencia.
- d) A non percepción de outra prestación ao servizo do sistema para a autonomía e atención á dependencia
- e) A data da presentación da solicitude da valoración da dependencia
- f) A idade da persoa en situación de dependencia.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Existe unha excepción a este sistema que son os supostos de emerxencia social, aos que fai referencia o artigo 16 do mesmo decreto. Este é o único suposto no que a Xunta de Galicia pode asignar unha praza pública de atención residencial sen respectar a orde establecida no Programa de Asignación de Recursos e sempre previo ditame – técnico do Órgano de Valoración e Asesoramento da Dependencia, unha vez analizado o informe social e de saúde que acrediten estas circunstancias, e cando así o aconsellen razóns de interese público debidamente documentadas e obxectivas que conleven:

- a) Unha situación de desamparo ou abandono.
- b) Malos tratos físicos e/ou psíquicos.
- c) Situación de risco grave inminente para a súa integridade física e/o psíquica.

A patoloxía psiquiátrica é unha característica clínica que calquera persoa nun momento determinado pode padecer, e que non pode nin debe ser unha barreira para que unha persoa acceda a unha praza residencial se ten dereito á mesma.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 22:57:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31990
Data envío: 21/08/2025 22:57:46.623

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16265**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández, dona Ariadna Fernández González e dona Sonia Vidal Lamas, sobre **"as medidas que vai impulsar a Xunta de Galicia para salvagardar as producións agrogandeiras galegas ante o acordo de libre comercio UE-Mercosur"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á interpelación con número 16261 e debatida no Pleno do 29 de xaneiro de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O Pleno pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzI5NzQ4MTQtMzU2Ni00N2Y1LTg0YWQtNGZkYzgyZDI4NThj>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:42:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31699
Data envío: 19/08/2025 17:42:53.961

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16280**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante o modelo de xestión do Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional de Ourense"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Centro de atención a persoas con discapacidade (CAPD) de Ourense xa é unha realidade e actualmente xa está en funcionamento.

Deste xeito, damos cumprimento a unha demanda histórica das familias de Ourense que xa contan cun centro de atención á discapacidade de titularidade pública, con prazas 100% públicas, con criterios de asignación 100% públicos e, sobre todo, cos máximos estándares de calidade e de benestar para os usuarios e para as familias.

Un centro equipado coa última tecnoloxía e á vangarda dos centros de atención á discapacidade.

Despois dun investimento de máis de 10 millóns de euros para a súa construción e equipamento, poñemos a disposición das persoas con discapacidade un centro con 110 prazas públicas: 30 prazas de atención diurna para persoas con discapacidade intelectual e 80 prazas de residencia.

Despois de resolver a licitación do contrato harmonizado reservado a entidades de iniciativa social, sen ánimo de lucro, a entidade adxudicataria resultou ser a UTE (unión temporal de entidades) formada por Cogami e pola Fundación Menela.

Dúas entidades con amplísima experiencia na atención á discapacidade, que garanten unha atención de máxima calidade aos usuarios, tal e como xa demostran nos seus propios centros.

O Goberno galego cumpriu coa súa palabra de poñer en funcionamento o centro no mes de maio e, no día 12 dese mes, formalizouse o contrato de xestión. Polo que o centro está en funcionamento desde o 12 de maio de 2025.

A principios do mes de xuño comezaron a chegar os primeiros residentes. Os usuarios vanse asignando de forma progresiva, para garantir unha atención personalizada e unha correcta adecuación por parte dos residentes ao centro. A asignación de prazas faise conforme aos criterios marcados na Orde de ingresos e traslados establecida para as prazas públicas."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 22:57:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31989
Data envío: 21/08/2025 22:57:40.167

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16329**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña e outros deputados e deputadas, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe á incorporación das asociacións de defensa da natureza e das comunidades de montes en man común ao Consello da Minaría de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"A composición do Consello da Minaría de Galicia obedece ás funcións que debe desenvolver consonte á normativa, nomeadamente, ás previstas na Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia (emitir informe sobre anteproxectos de lei, proxectos de regulamentos con incidencia na minería, asesorar sobre plans e programas, propor medidas para un mellor desenvolvemento da política mineira, ou impulsar a coordinación entre a iniciativa pública e privada, entre outras).

Na modificación de 2024, os criterios para determinar a composición e, por exemplo, incluír determinados centros directivos da Administración autonómica ou asociacións foron a súa relación directa coa minaría (augas minerais, sector dos balnearios, materiais cerámicos, etc.) e pola súa vinculación co eido económico e industrial (sindicatos, asociacións empresariais, etc.). É dicir, tívose en conta as competencias das mesmas en relación coas funcións a desempeñar no Consello.

En calquera caso, cómpre sinalar que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego non presentou ningunha emenda á Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, para reclamar a participación das entidades ecoloxistas, polo que non se entende que agora se inste a modificar unha lei que se debateu no Parlamento de Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 20:28:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31489
Data envío: 18/08/2025 20:28:23.289

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16420**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e dona Iria Carreira Pazos, sobre **"o nivel de cumprimento por parte da empresa Eliance do seu contrato para a prestación do servizo de helicópteros do 061"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade en resposta á pregunta oral con número de rexistro 16419, formulada no marco da Comisión 5ª do Parlamento de Galicia celebrada o día 20 de febreiro de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/D6OZMdi9dbIm12SHhHOIJPshWpoMvAjynlQwO0ubGbSTIdNV>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31487
Data envío: 18/08/2025 20:28:11.027

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 20:28:10

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16466**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, don Secundino Fernández Fernández e dona Sonia Vidal Lamas, sobre **"o gromo de gripe aviar rexistrado en Portugal"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"As medidas a adoptar no caso dun foco de gripe aviaria están descritas no *Regulamento (UE) 2020/687, de 17 de decembro, referido á normas relativas á prevención e o control de determinadas enfermidades animais*, e consisten, entre outras, no establecemento dunha zona de protección e outra de vixilancia (de 3 e 10 km respectivamente) arredor do foco, nas que entre outras restricións, se prohiben os desprazamentos de aves, ovos e outros produtos ou subprodutos con orixe nesas zonas e que poidan constituír un risco de difusión da enfermidade. Na citada normativa se contemplan determinadas excepcións á esta restrición de movementos, implementando medidas de seguridade como exames clínicos e laboratoriais das partidas a trasladar, pero sempre dentro do Estado Membro onde se notificou o foco.

Non é polo tanto posible, e así foi comprobado expresamente para dar resposta a esta pregunta, o traslado de partidas de aves ou produtos derivados procedentes de zonas restrinxidas en Portugal ou de calquera outro territorio dun Estado Membro.

No caso doutras zonas de Portugal non suxeitas a restrición, non están contempladas na normativa comunitaria o establecemento de medidas extraordinarias nos movementos intracomunitarios de aves e produtos avícolas implicados. Esta mesma política aplica obviamente nos movementos desde Galicia a Portugal ou outros Estados Membros.

A estratexia comunitaria de contención da difusión das enfermidades animais está baseada na rexionalización, aplicándose as restricións só nas zonas afectadas, e non na totalidade do territorio do Estado Membro

Por outra banda, cómpre sinalar que a Consellería do Medio Rural, no marco do Programa de Vixilancia da Influenza Aviaria en Galicia, está a levar a cabo tomas de mostras para análise laboratorial co fin da detección temperá de focos de influenza aviaria. Estas mostraxes realízanse en explotacións avícolas seleccionadas en función dunha análise de risco, sobre aves silvestres atopadas mortas ou con sintomatoloxía compatible, e en todos os casos de sospeita en aves de curral, tanto industriais como en currais familiares.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Cómpre indicar que as medidas que se puideran determinar encamiñadas á prevención da infección por influenza aviaria en persoas é unha competencia das autoridades de saúde pública.

En todo caso, e en aplicación do concepto "One Health" e dentro do compromiso da Consellería do Medio Rural non só coa sanidade animal senón como non pode ser doutro xeito, coa saúde pública, o Servizo de Sanidade Animal da Consellería do Medio Rural mantén unha comunicación constante co Centro Galego para o Control e Prevención das Enfermidades (CEGACE) da Consellería de Sanidade, participando na elaboración dos protocolos elaborados coordinadamente con ese centro en relación á prevención da influenza aviaria en persoas, nos apartados que nos afectan como consellería.

Ademais, o Servizo de Sanidade Animal elaborou e distribuíu no mes de xaneiro 2025, unha vez que o Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación elevou o nivel de risco de aparición da influenza aviaria en España, unha nota informativa dirixida ás persoas titulares de explotacións avícolas, porcinas e de visón americano, na que se lles reiteraba a aplicación de medidas de prevención do contaxio nas granxas e se lles trasladaba a recomendación da vacinación fronte á gripe estacional humana para o persoal traballador en contacto con estes animais, seguindo a recomendación do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde e do SERGAS.

Cómpre subliñar que nos citados protocolos que se poden consultar aquí <https://www.sergas.es/Saude-publica/gripe-aviaria> entre outras medidas preventivas recoméndase a vacinación fronte a gripe estacional humana nas persoas cunha exposición frecuente ás aves ou aos visóns e se indica que *"as empresas a cargo das explotacións avícolas, visóns de granxa e núcleos zoolóxicos con aves en cativeiro ou semiliberdade, a través dos servizos de prevención de riscos laborais deberán proporcionar aos traballadores as instrucións escritas en relación cos riscos para a saúde e as precaucións para previr á exposición, o uso adecuado dos EPIS, os procedementos adecuados de traballo e as medidas de vixilancia e monitorización da saúde", recomendación que se fixo extensiva tamén ao persoal traballador das granxas de porcino na instrución 3/2024 da Dirección Xeral de Saúde Pública, onde se recomenda a vacinación fronte á gripe a "persoas con exposición laboral directa a animais ou ás súas secrecións en granxas ou explotacións avícolas, porcinas ou de visóns ou a fauna silvestre (aves, xabarís ou mustélidos), como gandeiros, veterinarios, traballadores de granxas, cazadores, ornitólogos, axentes de medio ambiente, persoal de zoolóxicos, etc."*

Finalmente indicar que a situación de incidencia da influenza aviaria en granxas bovinas en Estados Unidos, con ser un problema que nos preocupa e sobre o que estamos vixilantes, non é actualmente un escenario previsible na Unión Europea onde as autoridades sanitarias europeas (Axencia Europea de Seguridade Alimentaria) sigue cualificando o risco de infección para as persoas como baixo, e moderado para as persoas en contacto con animais susceptibles".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:42:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31696
Data envío: 19/08/2025 17:42:34.655

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16571**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a recuperación da actividade do Centro Sociocomunitario de Ponte Pelamios, de Ourense, nas fins de semana e nos días festivos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A cidade de Ourense conta con 2 centros sociocomunitarios dependentes da Xunta de Galicia: o centro sociocomunitario Ourense, situado na rúa Concejo e o centro sociocomunitario Pontepelamios sito na rúa do Gaiteiro, no barrio das Camelias.

Ambos centros veñen ofrecendo actividades que fomentan a vida activa das persoas maiores desde fai xa moitos anos.

Polo que respecta ao centro sociocomunitario de Pontepelamios, pon a disposición da veciñanza do municipio máis de 20 actividades que se celebran tanto pola mañá como pola tarde.

Actividades como ioga terapéutico, pilates, talleres de memoria/ estimulación cognitiva, ximnasia de mantemento, cursos de informática, cursos de formación en instrumentos musicais, etc.

Así mesmo, realízanse as celebracións que corresponden a cada época ou festividade, como o magosto ou o mercadillo e festival con motivo das festas do Nadal.

Todas estas actividades responden ás demandas plantexadas polos usuarios do centro, e cada ano se incrementa o orzamento para a súa realización.

É importante ter en conta que o perfil dos usuarios deste centro mudou considerablemente nos últimos anos, dando paso tamén a persoas de menor idade que demandan actividades que se celebran de luns a venres fronte ás que se viñan celebrando as fins de semana. Deste xeito a afluencia de usuarios durante as fins de semana e festivos diminuíu considerablemente chegando a ter tan só catro ou cinco persoas."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 22:57:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31985
Data envío: 21/08/2025 22:57:16.180

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16575**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"o traballo realizado pola Xunta de Galicia co obxectivo de aprobar os contratos temporais de xestión pública previstos na Lei de montes de Galicia para garantir unha xestión forestal sustentable"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 16535 e debatida na Comisión 7ª do 7 de febreiro de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NmY1NzVLZTYtYWZjZS00NjA2LTgwOTQtMWUzODIyN2MyOWNh>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 22:57:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31984
Data envío: 21/08/2025 22:57:10.717

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16581**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"o obxectivo do Goberno galego de creación dunha figura xurídica de natureza mercantil, administrativa ou de base asociativa en iniciativas de xestión forestal conxunta"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego traballa na flexibilización das figuras de agrupacións forestais mediante a creación dun novo tipo de asociación que permita a colaboración entre os propietarios sen requirir a cesión das superficies. Este modelo básico permitirá desenvolver actividades conxuntas como representación, comercialización, apoio técnico ou loita contra pragas, con opción de evolucionar cara a unha xestión conxunta plena.

No referente á liña III, destinada á creación e apoio das Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta (procedemento MR608F), aprobáronse 27 solicitudes por un importe total de 842.340,88 euros, distribuídos da seguinte forma:

- **Subliña III-A:** 20 solicitudes para a creación de agrupacións.
- **Subliña III-B:** 7 solicitudes para o apoio ás agrupacións xa rexistradas.

Este resultado reflicte o compromiso co impulso do asociacionismo e da xestión forestal conxunta.

Para alcanzar os obxectivos do Decreto 140/2021, estase a executar unha reforma das figuras asociativas, promovendo asociacións forestais máis flexibles e simplificando os requisitos administrativos. O Goberno galego habilita tamén incentivos económicos e ferramentas técnicas para facilitar a creación de novas agrupacións e o incremento da superficie xestionada conxuntamente.

O cumprimento destes obxectivos dependerá da colaboración entre propietarios forestais, avanzando de maneira colaborativa a xestión sustentable prevista no Plan Forestal.

A disolución de Promagal reflicte as dinámicas propias do sector forestal e a capacidade de adaptación das organizacións ás condicións do mercado. A pesar de contar con apoio activo do Goberno galego mediante programas como as axudas públicas deste ano, a súa continuidade depende de factores internos das asociacións e da súa viabilidade operativa.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O Goberno reafirma o seu compromiso co asociacionismo, priorizando medidas para fortalecer as estruturas existentes e incentivando a creación de novas organizacións que favorezan a comercialización conxunta de produtos forestais.

No referente ás **diferenzas entre a dotación orzamentaria prevista na orde do 20 de decembro de 2023 e a resolución do 16 de setembro de 2024** explícase pola falta de solicitudes recibidas, xa que se trataba da primeira convocatoria deste tipo de axudas. Así mesmo, na resolución aprobáronse todas as solicitudes que cumprían cos criterios da orde, cun importe total de 974.348,54 euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 20:27:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31481
Data envío: 18/08/2025 20:27:19.522

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16582**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a causa do incremento da superficie de frondosas en trece anos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 1405 da Comisión 7ª do día 5 de xuño de 2024, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NDZLOGVhYWETn2YzZC00YTA5LTlhYjgtYTNkYjA1ZGMwM2Nj>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 9:04:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31838
Data envío: 21/08/2025 09:04:52.398

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16583**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"o libro branco do Goberno galego relativo á situación dos montes veciñais en man común"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A necesidade de coñecer a situación dos Montes Veciñais en Man Común en referencia o seu grado de goberno, a administración e xestión e o seu réxime de usos e aproveitamentos ven recollida na lexislación de MVMC, tanto na lei 13/1989 como no seu desenvolvemento regulamentario, Decreto 260/1992, ambas normas vixentes:

A Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común establece no seu artigo 26 a creación do rexistro de MVMC coa finalidade de manter unha relación actualizada deles, da súa situación estatutaria así como dos actos de disposición aprobados. Amais, na DT5ª prevé un inventario xeral de MVMC no que conste a identificación dos mesmos. Isto está desenvolvido no mencionado Decreto.

O goberno galego aplicou este mandato lexislativo creando e mantendo o rexistro de montes veciñais en man común, no que constan estes datos e moitos outros que se foron incorporando en función das necesidades e avances que nos últimos anos se foron producindo. Este rexistro, que foi en certo modo fundacional e nuclear, serviu de base para a creación doutros que tamén recollen datos doutras tipoloxías de montes presentes na nosa comunidade autónoma. Amais, parte del é público e pode consultarse na Oficina virtual do Medio Rural.

No DECRETO 140/2021, do 30 de setembro, polo que se aproba a primeira revisión do Plan forestal de Galicia (PFG) 2021-2040, Cara á neutralidade carbónica entre as iniciativas de activación da xestión forestal privada inclúese a elaboración do informe obxecto da pregunta: Informe de situación administrativa e de xestión dos MVMC en Galicia, que estableza as limitacións clave para a boa gobernanza das CMVMC.

Neste informe detallarase forma específica a súa estrutura, estado, o cumprimento das súas obrigacións legais actuais ou futuras, grao de abandono da xestión e réxime de usos e aproveitamentos. Se ben o PFG establece no programa III.2.2. o quinquenio 21-25 para que o informe estea elaborado, o informe en gran medida está avanzado. Permitirá identificar as limitacións clave para a dinamización da boa gobernanza das CMVMC: extinción da comunidade, conflitos de lindes, conflitos internos entre comuneiros, descapitalización e degradación derivada de incendios, pragas ou vendavais e existencia de convenios/consorcios con importante saldo debedor, entre outros. Parte desta información, nomeadamente o cumprimento das obrigas legais por parte das comunidades de montes, está dispoñible de xeito público, convintemente anonimizado.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O apartado segundo do Libro Branco *Aproximación á realidade actual dos MVMC* contén un resume da situación actual dos Montes veciñais en man común que se considera suficientemente descritiva para o alcance do documento.

A proposta de inicio da revisión do marco normativo que regula os montes veciñais en man común foi tratada na reunión do Consello Forestal do 18 de xaneiro do 2022, como órgano consultivo e asesor da Administración Galega en materia forestal e canle para a participación pública e colaboración dos estamentos interesados da sociedade galega e da comunidade científica.

O Inicio desta revisión normativa foi incluída, co nº 53, entre as recomendacións do Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do plan forestal, e esta prevista igualmente no eixo VI, *planificación, ordenación e gobernanza*, dentro das Iniciativas para a Gobernanza do monte galego no programa de *iniciativas de desenvolvemento normativo* coa finalidade de adecuar a súa regulación á situación actual, establecendo que no quinquenio 2021-2025 deben aprobarse tanto a modificación da lei 13/1989 como o seo desenvolvemento regulamentario (Decreto 260/1992). Conforme a esta planificación iniciouse a revisión normativa da lexislación de montes veciñais en man común mediante un procedemento de consulta previa á elaboración do anteproxecto de Lei de modificación da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, recentemente a Conselleira do Medio Rural compareceu no pleno do martes día 11 de xuño onde entre outros compromisos anunciou o inicio da tramitación deste marco normativo conforme o planificado.

No momento de afrontar un proceso de reforma da normativa aplicable aos MVMC considerouse imprescindible abrir un período de reflexión e establecer unhas canles de participación pública solicitar achegas e opinións que redunden no acerto da reforma normativa.

Así durante a exposición pública que tivo lugar entre o 07/04/2022 e o 24/05/2022 no portal de transparencia da Xunta recibíronse 59 achegas a través do portal, entre as que se atopa a achega literal da disposición non de lei da organización Galega de Montes Veciñais, e 31 mais directamente enviadas á Consellería do Medio Rural tanto de particulares como de empresas, asociacións de empresarios, asociacións de deportes, sindicatos, asociacións de veciños, grupos ecoloxistas, concellos etc. A diversidade de persoas que se sentiron concernidas no proceso amosa o interese social que espertan os montes veciñais e o carácter transversal desta regulación que pode afectar a moi diferentes actividades económicas, recreativas, e mesmo culturais.

Por todo iso, elaborouse o Libro Branco que se presentou ao Consello Forestal con data 23/6/2023 como un documento de traballo estratéxico como o punto de partida para abrir unha fase de reflexión conxunta sobre a reforma lexislativa dos MVMC, tralo consello abriuse un prazo para que os seus membros formulasen observacións ao libro branco recibíndose 13 achegas máis.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Ante todo trátase dun documento de traballo que serve para recoller unha gran disparidade de formulacións sobre a figura do monte veciñal en man común e se tomou como punto de partida para a elaboración ao longo deste ano do borrador de anteproxecto de lei que será presentado ao Consello Forestal como documento de partida sobre o que debater co sector e demais actores implicados. E someterase posteriormente a exposición pública en cumprimento da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, para finalmente iniciar a tramitación parlamentaria ao longo do ano 2025 e dar cumprimento así ao compromiso fixado no Plan forestal de Galicia (PFG) 2021-2040, Cara á neutralidade carbónica de tela aprobada no quinquenio 2021-2025”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:42:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31695
Data envío: 19/08/2025 17:42:28.552

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16593**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"o nivel de aproveitamento en Galicia da madeira de especies frondosas caducifolias"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"As necesidades de mellora das cortas de madeira de frondosas caducifolias en Galicia pode atribuírse a varios factores clave. En 2022, as cortas de frondosas en terreos de xestión privada ascenderon a 283.410 m³, representando só un 2,63% do total das cortas. Ademais, os volumes medios de corta en frondosas son de entre 3-7 m³ por solicitude, moito máis baixos que os volumes medios de corta de coníferas, que alcanzan os 86 m³ por solicitude, e de eucalipto, con 120 m³ por solicitude. Outro factor é a falta de xestión axeitada. A silvicultura orientada á obtención de pés de suficiente diámetro e sen defectos é limitada, o que resulta en madeira de menor calidade e, polo tanto, menor valor de mercado. Ademais, a comparación con países do centro de Europa, como Francia, onde as taxas de aproveitamento e os prezos da madeira de frondosas son netamente superiores.

O sector forestal en Galicia destaca por un volume significativo de cortas noutras especies como as coníferas e os eucaliptos, superando os 10 millóns de m³ anuais. A capacidade de corta está dispoñible, e a Xunta traballa activamente para mellorar os niveis de cortas de frondosas.

O Goberno galego ten previsto aumentar a calidade dos produtos dos montes de frondosas autóctonas. Un dos obxectivos estratéxicos específicos da ESTRATEXIA PARA O FOMENTO DA XESTIÓN ACTIVA DAS MASAS DE FRONDOSAS é "promover a produción de madeira de frondosas de alto valor en formacións naturais de especies autóctonas" e tamén en "plantacións con xestión intensiva". Esta estratexia foi aprobada no Consello da Xunta o día 20/6/2024. Enlaces:

1. Enlace ás publicacións da Consellería do Medio Rural - Estratexia de Frondosas:

<https://mediorural.xunta.gal/es/recursos/publicaciones>

2. Enlace da Estratexia de frondosas na Librería Institucional da Xunta de Galicia:

<https://libreria.xunta.gal/es/estratexia-para-o-fomento-da-xestion-activa-das-masas-de-frondosas>

A estratexia foi formulada coa colaboración dos catedráticos Roque Rodríguez e Antonio Rigueiro da USC.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Ademáis é de resaltar a existencia do PROGRAMA ESTRATÉXICO DO CASTIÑEIRO E DA PRODUCCIÓN DE CASTAÑA que contribúe a mellorar o aproveitamento das frondosas.

O Goberno galego está a desenvolver actuacións específicas nas masas de frondosas para aumentar o seu valor engadido e diminuír o risco de incendios forestais. Exemplos:

Rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas.

As masas consolidadas de frondosas autóctonas conforman a paisaxe característica de Galicia e teñen un alto interese para a conservación de especies e hábitats, así como unha gran capacidade de xerar recursos de alto valor para a sociedade.

Tendo en conta toda esta riqueza, e en desenvolvemento da Lei de Montes, a Xunta publicou o Decreto que regula o Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autócto-nas. Nel inscríbense aquelas cunha superficie mínima de monte de 15 hectáreas que poden estar constituídas por tres coutos redondos, sempre que cada unha delas teña un mínimo de 3,75 hectáreas (25% da superficie mínima) e unha idade media de 20 anos.

" O Goberno central está intentando impoñer un reparto de menores migrantes totalmente arbitrario e sen fundamento.

O traslado de 317 menores a Galicia poría en risco o noso sistema de protección baseado na integración e na convivencia dos nenos e adolescentes sen importar o seu lugar de procedencia e nacionalidade. Unha rede que está conformada por pequenos centros repartidos en toda Galicia e non por macrorresidencias e prioriza a acollida en familias.

Galicia non pode aceptar esta nova chantaxe e imposición do Executivo central. Estamos ante un reparto pactado con Puigdemont e os seus socios. Proba disto é que pretende impoñer 317 menores a Galicia, mentres que a Cataluña e ao País Vasco lle tocarían 0 menores.

A Xunta censura novamente que o Executivo central pretenda impoñer un reparto de menores sen consenso e sen planificación; e renunciando ao diálogo e á negociación, como sempre se fixera ata agora.

Ademais, o Goberno central confirmou que non vai aportar financiación a Galicia para garantir a atención e o benestar dos menores. Lembramos que neste 2025 Galicia está a financiar o 100% da acollida de todos os menores migrantes que viñeron nos últimos anos.

Ante esta situación, Galicia ten presentado un recurso ante o Constitucional xunto a outras 10 CCAA de distinto cor político, que foi admitido a trámite.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Cómpre lembrar que a Xunta, co aval do Consello Consultivo, presentou un recurso de inconstitucionalidade, xa que:

- Invade competencias en materia de asistencia social e protección de menores, que son competencia exclusiva das CC.AA.
- É un reparto feito á medida dos socios de Goberno de España, que ademais pon en risco o noso sistema de protección que é un dos máis integradores a nivel nacional.
- E é unha mostra do fracaso das políticas migratorias do Executivo central ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:42:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31692
Data envío: 19/08/2025 17:42:08,636

CSV: BOPGDSPG-KyIQ1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16817**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a cobertura actual da Rede de puntos de encontro familiar"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) constitúense como un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente e que ten por obxecto favorecer as relación entre os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas vese interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

Noutras comunidades autónomas, este servizo é prestado polas administracións autonómicas e locais. No caso de Galicia, é prestado e sufragado exclusivamente pola Xunta de Galicia sen que os concellos acheguen financiamento algún.

Os PEF realizan intervencións relacionadas coa execución do réxime de visitas, como por exemplo as entregas e recollidas das e dos menores, visitas tuteladas ou visitas supervisadas.

Pero ademais do cumprimento do réxime de visitas, os profesionais dos PEF tamén levan a cabo outras intervencións coma o deseño e desenvolvemento dun programa psicosocioeducativo individualizado de intervención coas familias e os menores, coa finalidade de acadar a normalización das relacións familiares; a orientación e apoio familiar proporcionando información, atención e asesoramento ás persoas proxenitoras e aos menores; a intervención en negociación e aplicación de técnicas mediadoras, ou intervencións encamiñadas a reducir o impacto da nova situación familiar e preparar as persoas proxenitoras e aos seus fillos para que as relacións entre eles se cheguen a normalizar e a realizar coas maiores garantías posibles.

En todo caso, os PEF traballan baixo o principio de temporalidade, é dicir, trabállase sempre de cara a normalizar as relacións familiares, e non a cronificar estas intervencións.

En canto aos profesionais que traballan nos PEF, falamos de equipos multidisciplinares que están compostos, polo menos, por tres profesionais de dúas titulacións diferentes do ámbito da psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, dereito, traballo social ou educación social.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A Rede de Puntos de Encontro Familiar de Galicia púxose en marcha no ano 2000 e está integrada por oito centros, todos eles de titularidade da Xunta de Galicia, situados nas sete grandes cidades: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, e tamén na comarca de Barbanza.

O Goberno galego iniciou polo tanto nesta comarca de Barbanza a ampliación da rede de Puntos de Encontro Familiar, conscientes de que era necesario ampliar o seu número para darlle máis facilidades ás familias usuarias deste servizo. Froito desta importancia que os PEF teñen para a Xunta de Galicia, xa se teñen iniciado as actuacións correspondentes para elevar esa cifra con novos puntos de encontro familiar nas outras tres provincias galegas onde aínda non se ampliara a rede."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 22:54:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31979
Data envío: 21/08/2025 22:54:32.057

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16819**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego da capacidade do seu sistema de emerxencias para lles dar resposta aos fenómenos extremos derivados do cambio climático"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Poñendo por diante que o risco 0 non existe, Galicia conta con plans territoriais e especiais ante distintos riscos (inundacións, transporte de mercadorías perigosas, incendios...), e con medios humanos e materiais preparados e axeitados para facer fronte ás emerxencias.

Neste eido hai que salientar a importante inversión realizada polo Goberno galego nos últimos anos para dotar de equipamento e formación a estes servicios a pesar de que non é competencia da administración autonómica".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/08/2025 17:41:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31691
Data envío: 19/08/2025 17:42:00,330

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16823**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre "**as medidas previstas pola Xunta de Galicia para facer fronte á xeneralización dos hábitos sedentarios entre as galegas e os galegos**", convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego defende a utilidade do deporte como fonte de saúde e benestar e neste contexto promove a práctica deportiva desde as idades máis temperás ata as máis avanzadas. Actuacións consolidadas como Xogade, dirixido a escolares, ou o Plan Galicia Saudable, dirixido tamén a apoiar a actividade física en distintos segmentos da poboación, son bos exemplos dilo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31465
Data envío: 18/08/2025 19:33:08,872

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:33:08

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16828**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en relación coa recomendación da Valedoría do Pobo verbo do procedemento de declaración de discapacidade no caso das vítimas de violencia de xénero"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Con respecto á valoración da discapacidade a persoas vítimas de violencia de xénero, indicar que xa teñen preferencia na valoración.

O artigo 16 da Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, establece:

'Artigo 16. Orde de prelación na tramitación dos procedementos

1. Os procedementos iniciaranse por orde de entrada. Cando o órgano da xefatura territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais entenda que existen razóns de interese público, obxectivamente motivadas, poderá alterar esta orde.

2. Non obstante o disposto no punto anterior daráselles prioridade ás solicitudes urxentes polos seguintes motivos debidamente xustificadas:

Existencia dun procedemento aberto, xudicial ou administrativo, relativo a violencia de xénero, que se poida ver afectado polo recoñecemento e cualificación do grao de discapacidade'."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 9:04:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31832
Data envío: 21/08/2025 09:04:18.236

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16838**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as medidas que prevé desenvolver o Goberno galego ante a persistencia das diferentes formas de violencia contra as mulleres"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A transversalidade na loita contra a violencia de xénero lévanos a colaborar cos que están máis preto das vítimas: os concellos e entidades do terceiro sector.

No caso dos concellos, contamos coa Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero no marco da que se teñen constituído as mesas locais de coordinación. O seu número duplicouse nos últimos oito anos, pasando de 64 a 112 actuais. Máis da metade dos concellos galegos forman parte dunha mesa local, en concreto 162.

Outro dos recursos públicos de proximidade son os Centros de Información á Muller (CIM) que ademais de sensibilizar e prestar asesoramento, axudan a detectar moitos casos que pasan inadvertidos. Actualmente estamos a desenvolver o Plan integral de actuación para o seu impulso.

Dentro das funcións do persoal dos centros de crise 24 horas está a sensibilización e a formación en materia de violencia de xénero.

Cómpre seguir avanzando na prevención e na concienciación, reforzando o firme compromiso de Galicia na loita contra a violencia de xénero e na protección das vítimas.

Para iso, estamos desenvolvendo novas medidas como a dotación de catro Centros de Información á Muller móbiles, que percorreran os concellos que carecen deste servizo sobre todo municipios rurais, ou a futura Lei contra a violencia dixital."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 9:04:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31831
Data envío: 21/08/2025 09:04:12.007

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16842**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego canto á adaptación da Lei do deporte de Galicia aos avances da lexislación estatal en materia de igualdade"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A Lei do deporte de Galicia recoñece o dereito dos cidadáns a practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática. Galicia tamén conta cunha Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuales, bisexuales e intersexuales en Galicia, cun artigo para o deporte".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31463
Data envío: 18/08/2025 19:32:54.272

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:32:53

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16844**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey don Carlos López Font , sobre **"o alcance das medidas de conservación da biodiversidade que se están a tomar en Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"En primeiro lugar, débese ter en conta que as categorías e os criterios empregados pola UICN para elaborar a referida Lista Roxa son distintos aos criterios orientadores establecidos na normativa estatal e autonómica para a inclusión de poboacións nos catálogos español e galego de especies ameazadas, de maneira que non é posible establecer unha comparación directa entre a Lista Roxa e os catálogos.

Ademais do anterior, cómpre aclarar, por unha parte, que a inclusión dunha especie, subespecie ou poboación de competencia autonómica no Catálogo español de especies ameazadas, ao que se refire o artigo 58 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, conlevará a súa inclusión de oficio no Catálogo galego de especies ameazadas, na mesma categoría ou superior á que tivesen no primeiro.

En canto ás áreas clave para a biodiversidade (KBA) ás que se fai mención na pregunta, indicar que o proxecto de Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e a restauración ecolóxicas ten entre os seus principios incluír os lugares de importancia para a conservación da diversidade biolóxica e a conectividade ecolóxica, co obxectivo de promover o desenvolvemento sostible.

Ademais, débese incidir en que a xestión das especies ameazadas en Galicia non se realiza exclusivamente a través da execución de instrumentos como os plans de recuperación e de conservación. As propostas técnicas e estudos sobre especies incluídas no Catálogo, que precisan de permanente actualización, conteñen información técnica de base que é fundamental no deseño, existindo outras moitas ferramentas de xestión e ordenación do patrimonio natural que veñen recollidas en normas a nivel europeo, estatal e autonómico."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31462
Data envío: 18/08/2025 19:32:48,360

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 19:32:47

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16846**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey don Carlos López Font, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego respecto do desenvolvemento da coordinación e da colaboración co Estado en materia de protección e de dereitos dos animais, segundo as obrigas marcadas na Lei 7/2023"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"Certamente, a Lei 7/2023, do 28 de marzo, impón moitas obrigas ás administracións autonómicas e, en especial ás administracións locais. O Goberno Galego pode asegurar que está a cumprir actualmente con todas aquelas que non dependen dun desenvolvemento regulamentario competencia do Estado.

Neste sentido, é moi importante reparar no marco competencial que a propia norma establece e que, tal e como xa alegou o Goberno galego no trámite correspondente, vai moito máis alá do que debería comprender unha lexislación básica:

Por exemplo, no que respecta á mención ao "convenios con outras administracións públicas orientados á sensibilización da sociedade": indicar que o artigo 20 da devandita lei establece que será o departamento ministerial correspondente o que impulsará a elaboración de convenios con outras administracións públicas orientados á sensibilización contra calquera forma de maltrato animal. Ata o momento, o Goberno Galego non recibiu ningunha solicitude de acordo ou colaboración nesta materia. Noutro eido, no tocante á "creación dun marco cos requisitos mínimos dos centros de recollida e atención de animais", o grupo socialista debería ser coñecedor de que o Goberno Galego xa conta con lexislación propia de referencia neste sentido.

En definitiva, estas e outras cuestións semellantes manifestan a imposibilidade de que os gobernos autonómicos, a falta dun desenvolvemento regulamentario mínimo da norma, poidan avanzar na execución das obrigas que a Lei 7/2023 lles establece. De igual modo, o marco competencial que recolle a norma impide que o propio Goberno galego poida traballar no desenvolvemento de normativa sectorial."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 17:38:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31227
Data envío: 14/08/2025 17:38:55.530

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16847**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"a postura prevista polo Goberno galego ante as reivindicacións aprobadas pola Fegamp o 12 de novembro de 2024 e referidas ás políticas que atinxen á autonomía das entidades locais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia leva anos demandando ao Goberno central a modificación do sistema de financiamento autonómico e local, que teña en conta o envellecemento da poboación e o grao de dispersión xeográfica.

Pese a desatención por parte do Goberno central destas demandas, o Fondo de Cooperación Local no ano 2025 acada os 168 millóns de euros, 10 millóns máis que no exercicio 2024. Isto supón un incremento desta dotación nun 6,3% por riba da suba media do orzamento.

O máis destacable dos orzamentos da Xunta para 2025, en relación ca cooperación municipal, é que recollen unha constante demanda do municipalismo, o incremento o fondo base do Fondo de Cooperación Local. En concreto, en 5,4 millóns de euros, que se reparten entre os concellos de menos de 15.000 habitantes, que son os que teñen menos ingresos, os que máis dependen das transferencias doutras administracións e os que teñen menor capacidade de aforro.

Este incremento representa o 4,8% respecto da cantidade consignada dende o ano 2011 coma garantía de mínimos.

Ademais, entre transferencias correntes e de capital, das demais liñas de axudas da Xunta, os concellos recibirán en 2025 uns 15,4 millóns de euros, un 3,60% máis que en 2024.

Por tanto, a cantidade total dos fondos que recibirán os concellos galegos en 2025, entre estas transferencias, o total do Fondo de Cooperación Local e a súa liquidación, ascende a 626 millóns de euros, un 4,20% por riba da contía de 2024.

Aclarar que o modelo de distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local foi evolucionando para, a través das sucesivas Leis anuais de orzamentos da comunidade autónoma, favorecer aos concellos con maiores necesidades económicas, e principalmente aos concellos máis rurais e de menor poboación.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece no seu artigo 191.h) como competencia da Comisión Galega de Administración Local o estudo e proposta dos criterios de distribución do Fondo de Cooperación Local, e este estudo e proposta realízase anualmente no seno da Subcomisión Permanente de Réxime Económico e Financeiro, composta polos representantes da Comunidade Autónoma e das entidades locais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:32:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:32:46
Nº Rexistro: 31799
Data envío: 20/08/2025 12:32:46.793

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16850**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"a dixitalización, ampliación e actualización da rede de puntos limpos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia é completamente consciente da importancia de fomentar e incentivar unha xestión adecuada dos residuos por parte de particulares e tamén das administración locais.

O Goberno galego entende o reto que supón para as entidades locais o cumprimento da normativa europea en materia de residuos, polo que se teñen convocadas varias liñas de axuda na materia. Neste sentido, dedícanse 11,7 M€ a axudar aos concellos galegos a optimizar a xestión dos residuos de orixe municipal para avanzar cara unha economía circular.

Ao abeiro destas convocatorias, destínanse 2,5 millóns de euros á construción ou mellora de puntos limpos fixos, móbiles e minipuntos limpos, así como de instalacións para a reutilización e/ou autorreparación de residuos municipais especiais.

A maiores, as entidades locais que queiran facer obras para optimizar ou ampliar un punto limpo fixo xa existente poderán solicitar achegas de ata 200.000 euros para facer fronte a dita renovación.

Ademais de colaborar cos concellos no obxectivo de acadar unha xestión eficiente dos residuos, o Goberno galego tamén reserva partidas para apoiar a pequenas e medianas empresas, asociacións e fundacións galegas que desenvolvan proxectos destinados a dotar dunha nova vida aos materiais procedentes da recollida de certos refugallos municipais".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/08/2025 12:32:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2025 12:32:40
Nº Rexistro: 31798
Data envío: 20/08/2025 12:32:40,640

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16851**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"o estado das infraestruturas deportivas dependentes da Xunta de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego realiza un importante esforzo inversor e de programación nas instalacións deportivas de Galicia, con independencia de si son propias e as xestiona de xeito directo ou pertencen a outras administracións".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/08/2025 14:08:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31320
Data envío: 18/08/2025 14:08:05.198

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 16855**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"o grao de desenvolvemento do I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O I Plan Galego contra a Trata desenvólto entre o 2022 e o 2024 foi pioneiro no conxunto do Estado e contou coa colaboración activa do tecido asociativo que representa unha peza fundamental na loita contra a explotación sexual e na atención e recuperación das vítimas. Deste xeito, é necesario poñer en valor o labor da Rede Galega contra a Trata que participou na elaboración do documento.

O Plan permitiu ofrecer unha atención social integral a máis de 1.900 vítimas e formar a máis de 200 profesionais de diferentes sectores como a Administración pública e as Forzas de Seguridade do Estado para dotalos de ferramentas esenciais para combater a explotación sexual e detectar a posibles vítimas.

Así mesmo, destacan as accións formativas que se desenvolveron na comunidade educativa co obxectivo de sensibilizar á poboación máis nova e tamén as súas familias. Nesta liña, destacan os obradoiros e talleres formativos que se desenvolveron con mozas e mozos para concienciar sobre a explotación sexual como unha forma de violencia de xénero.

Entre as accións levadas a cabo no marco dese Plan destacan os programas e itinerarios para fomentar a integración sociolaboral das mulleres vítimas de explotación sexual e trata, ofrecéndolle formación e ferramentas para a busca dun emprego. Así, máis do 25% lograron acceder ao mercado laboral e comezar unha vida independente economicamente.

É importante lembrar que Galicia foi pioneira no recoñecemento das vítimas de trata como vítimas de violencia de xénero, garantindo así o seu acceso aos recursos e prestacións establecidos na lei. Con todo, recordemos que o Goberno central aínda non publicou a norma estatal contra a trata e que impide o desenvolvemento homoxéneo de políticas e evidencia unha falta de coordinación que dificulta a protección e a garantía de dereitos das vítimas."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/08/2025 9:04:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31830
Data envío: 21/08/2025 09:04:06.195

CSV: BOPGDSPG-KyIQ 1n261-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

